Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 44953 (10/POC-007198)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para o desenvolvemento da Lei 4/2017, de protección e benestar dos animais de compañía

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 44958 (10/POC-007199)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia e os contactos mantidos co Concello de Ourense para a construción durante a X lexislatura dos novos centros de saúde do Vinte e Un e de Mariñamansa

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 44963 (10/POC-007200)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da demanda ao Goberno central da transferencia á Xunta de Galicia das competencias en materia de xestión das bolsas de axuda ao estudo

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 44966 (10/POC-007201)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e 2 máis

Sobre as razóns da Consellería do Medio Rural para suspender o servizo de recollida e xestión de plásticos de uso agrícola procedentes de silos, invernadoiros e hortas, así como o estudo da posibilidade da súa prestación por unha empresa pública

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 44980 (10/POC-007202)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a situación na que se atopa a catalogación, o inventariado, a posta en valor e a difusión pola Xunta de Galicia do patrimonio cultural galego no exterior, en especial o das entidades e centros galegos asentados fóra de Galicia

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 44982 (10/POC-007203)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e 4 máis

Sobre o número de solicitudes presentadas en cada provincia galega ao abeiro da Orde, do 22 de xuño de 2018, de convocatoria de axudas ao alugamento de vivenda, do Plan estatal de vivenda 2018-2021, o prazo previsto para a súa resolución e a súa notificación ás persoas afectadas

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos



- 44896 (10/POC-007204)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e 2 máis

Sobre a situación asistencial existente no Hospital Comarcal de Monforte de Lemos e as previsións do Goberno galego respecto da cobertura das prazas vacantes e a recuperación dos postos de traballo perdidos

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 44988 (10/POC-007205)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e 2 máis

Sobre a resposta do 061 ante a emerxencia do 24 de xaneiro de 2019 en Monforte de Lemos e a dotación de ambulancias no seu distrito sanitario

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 44995 (10/POC-007206)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a valoración da Consellería de Cultura e Turismo dos datos referidos a Galicia do Barómetro de hábitos de lectura e compra de libros 2018 e mais as medidas que vai adoptar para impulsar a lectura, especialmente en galego

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 44999 (10/POC-007207)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da colaboración coa Universidade de Santiago para o financiamento do edificio denominado complexo dotacional de edificios de ciencias da saúde

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 45003 (10/POC-007208)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia dos datos do Instituto Nacional de Estatística respecto da subministración e o saneamento de auga e mais da xestión de Augas de Galicia e as medidas que vai adoptar para a mellora da xestión dos recursos hídricos

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 45021 (10/POC-007209)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 7 máis

Sobre o balance por parte de Portos de Galicia da evolución do número de tránsitos de embarcacións de lecer nos portos náuticos e deportivos de titularidade autonómica

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 45023 (10/POC-007210)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 7 máis



Sobre a valoración por parte do Goberno galego da visita da ministra de Sanidade ao Laboratorio Europeo de Referencia de Biotoxinas Mariñas de Vigo e a invitación a participar nela  
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 45027 (10/POC-007212)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre as intencións da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional de levar a cabo as obras no CEIP Pena de Francia, en Mos

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 45035 (10/POC-007213)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as irregularidades denunciadas na convocatoria da praza de xefe/a do Servizo de Cirurxía Cardiovascular na Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Santiago de Compostela, anunciada no DOG do 5 de outubro de 2018

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 45036 (10/POC-007214)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e 3 máis

Sobre as medidas que está levando a cabo a Consellería de Sanidade no relativo ao cumprimento do Plan integral de asistencia ás mulleres e a garantir os seus dereitos sexuais e reprodutivos

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 45044 (10/POC-007215)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre os informes e as actuacións realizadas pola Xunta de Galicia para o avance no desenvolvemento do trazado ferroviario da saída sur de Vigo

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 45046 (10/POC-007216)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia do expediente que a Comisión Europea abriu a España en materia de seguridade ferroviaria, a responsabilidade do anterior Goberno de España nesta situación e os expertos cos que conta a Administración autonómica

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 45053 (10/POC-007217)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre as razóns polas que non se executaron os orzamentos previstos para a finalización do porto seco de Monforte de Lemos e as previsións respecto da execución dos orzamentos de 2019 e do remate da infraestrutura

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos





- 45057 (10/POC-007219)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre a valoración por parte do Goberno galego dos datos da última Enquisa de poboación activa en canto ás persoas ocupadas no mar e as medidas que vai adoptar o Goberno galego para recuperar os niveis de emprego neste sector

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 45070 (10/POC-007221)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a valoración por parte do Goberno galego dos datos relativos ao interior das provincias de Lugo e de Ourense do estudo de salarios elaborado polo Instituto Galego de Estatística e os motivos polos que non se levou a cabo un cambio nas políticas económicas que mellore a situación nestas áreas

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 45071 (10/POC-007222)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre o coñecemento por parte do Goberno galego da situación do centro de reforma de menores Avelino Montero, en Pontevedra, e as previsións respecto do seu saneamento

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 45072 (10/POC-007223)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a valoración por parte do Goberno galego da atención á dependencia, as previsións respecto da adopción de medidas nesta materia e os prazos de agarda das solicitudes

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 45073 (10/POC-007224)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego diante da baixada na valoración da sanidade pública e a valoración da súa política sanitaria

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 45074 (10/POC-007225)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para cubrir a ausencia de persoal facultativo no Centro de Saúde de Catoira

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 45075 (10/POC-007226)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis



Sobre a situación laboral no Hospital do Salnés e as previsións respecto do reforzo do cadro de persoal

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 45076 (10/POC-007227)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a situación no servizo de transporte sanitario terrestre e a convocatoria de folga no sector

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 45080 (10/POC-007228)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a valoración por parte do Goberno galego da contía das pensións e das medidas impulsadas polo Goberno español nesta materia, así como as actuacións que vai levar a cabo para evitar que as pensións en Galicia sexan das máis baixas do Estado

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 45083 (10/POC-007229)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as intencións da Xunta de Galicia respecto da adopción de medidas para a protección dos "garranos" e a posibilidade de declaralos ben de interese natural e cultural

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 45077 (10/POC-007230)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre o coñecemento, a valoración e medidas que vai adoptar o Goberno galego diante das queixas dos proxenitores dos nenos e nenas ingresados en oncoloxía pediátrica do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela polas deficiencias no servizo

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 44690 (10/POC-007152)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as previsións da Corporación de RTVG respecto da emisión na TVG do documental do director Aitor Rei titulado *Frankenstein 04155*, arredor do accidente ferroviario de Angrois

Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

- 45026 (10/POC-007211)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as previsións respecto da emisión da TVG en HD e full HD, a plataforma OTT 2.0 e as dúas novas canles temáticas anunciadas

Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG



- 45056 (10/POC-007218)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre a valoración do interese xeral do documental "Frankenstein 04155", os motivos polos que non se emitiu ata o de agora na CRTVG e os plans para a súa futura retransmisión

Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2019

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao, Luís Villares Naveira, Marcos Cal Ogando, Paula Quinteiro Araujo e Flora María Miranda Pena**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5.<sup>a</sup>**

Na comarca do Salnés non hai Punto de Encontro Familiar, co cal as persoas deben desprazarse ata Pontevedra, o PEF máis próximo, cunha lista de agarda de 6 meses.

No caso das vítimas de violencia de xénero, para que o servizo garanta a protección das mulleres e fillas e fillos a nivel comarcal e que este servizo sexa accesible e sinxelo, é esencial crear un Punto de Encontro Familiar na comarca do Salnés. Por iso, a Asociación ESMAR, NON Á VIOLENCIA, impulsou unha campaña para solicitar dito servizo na comarca do Salnés. Dita reivindicación foi asumida pola Mancomunidade do Salnés e aprobada como moción en todos os concellos, salvo Vilagarcía.

A distancia que hai ao PEF de Pontevedra provoca que moitas veces os intercambios se realicen en dependencias dos Concellos ou da Policía Local, ou na propia rúa, téndose dado casos de longas esperas á intemperie ata a chegada do outro proxenitor. A situación é tal que, tal e como denuncia ESMAR, hai vítimas de violencia de xénero que tiveron que saltarse o protocolo de protección.

Caso de a Xunta non asumir esta reivindicación de ter un PEF no Salnés, a Mancomunidade do Salnés comprometeuse a crear un Punto de Intercambio Familiar. Neste tipo de recurso, os intercambios de menores en réxime de visitas realízanse sen tutela nin vixilancia, a diferenza dos PEF.





Nunha reunión da Mancomunidade do Salnés, informouse que a Xunta trasladou que hai nos Orzamentos de 2019 “unha partida de 100.000 € para a creación de dous posibles novos puntos de encontro” e que a súa ubicación se baseará en “datos obxectivos, sobre todo pensando en onde haxa máis demanda”.

A Xunta considera que a rede de PEF de Galicia é “suficiente para atender a demanda existente dos xulgados e dos servizos de menores da Xunta de Galicia”, non obstante, reconece que “se está estudando a posibilidade de ampliar a rede co fin de estendela no territorio e así dar cobertura a poboacións importantes cuxos habitantes teñan que desprazarse para o cumprimento do réxime de visitas”.

Polo exposto as deputadas que subscriben do Grupo Parlamentario de En Marea, formulan as seguintes preguntas:

1. Vai a Xunta impulsar a creación dun PEF no Salnés?
2. Como valora a Xunta a situación das persoas do Salnés que teñen que facer uso do servizo de PEF?
3. Cantos cartos exactamente ten previsto a Xunta para a creación de novos PEF en 2019?
4. É certo que a Xunta prevé crear dous novos PEF? En que comarcas?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao  
Luís Villares Naveira  
Marcos Cal Ogando  
Paula Quinteiro Araujo  
Flora Miranda Pena  
Deputadas e deputados do G.P. de En Marea.





**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 24/01/2019 18:58:47**

**Luis Villares Naveira na data 24/01/2019 18:58:54**

**Paula Quinteiro Araújo na data 24/01/2019 18:59:00**

**Marcos Cal Ogando na data 24/01/2019 18:59:07**

**Flora María Miranda Pena na data 24/01/2019 18:59:15**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando**, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2..ª**.

Naturgy vén de anunciar o peche da central térmica de Meirama para o ano 2020, solicitando o seu peche ao Ministerio de Transición Ecolóxica.

Anunciou ademais que se procederá a instalar nos terreos e instalacións da empresa un parque eólico e unha planta de biogás investindo segundo a empresa 80 millóns de euros en dito plan.

A empresa di que o plan foi presentado xa á Xunta de Galicia.

Parece ser, segundo informacións da propia empresa, que a produción de biogás procederá da queima de residuos agrícolas e industriais orgánicos.

Nos concellos de Cerceda e Ordes veciños e veciñas teñen que convivir con actividades económicas de gran impacto ambiental e para as vidas das persoas, como son a propia central, as instalacións de SOGAMA e o vertedoiro da Areosa.

Por esa razón existe inquietude pola natureza dos posibles proxectos por si viñeran a sumar máis impactos negativos na zona.

Por todo o exposto, o Grupo parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:





- 1) Coñece o Goberno galego o Plan de Naturgy para as instalacións actuais da central térmica de Meirama?
- 2) En que consistirá o proceso produtivo da central de biogás?

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Antón Sánchez García na data 25/01/2019 09:42:00**

**Marcos Cal Ogando na data 25/01/2019 09:42:08**





## Á MESA DO PARLAMENTO

**Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando**, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2..ª**.

Durante o mes de xaneiro, as fortes choivas –comúns nesta época do ano– provocaron o desbordamento do río Portapego ao seu paso por Touro. As súas augas laranxas chegaron ata as rúas da localidade, levando con elas a contaminación da mina. Nada novo. A Plataforma Veciñal da Mina de Touro denunciara un mes antes o desborde da balsa mineira de Vama, que verteu o seu lixo nun afluente do Ulla. A mesma situación repetiuse en varias ocasións durante o ano pasado.

Agora, Explotaciones Gallegas S. L., propietaria dos terreos do proxecto da mina de Touro, solicita “autorización para as obra recollidas no “Proxecto de drenaxe temporal da Mina de Touro” situada entre os concellos de O Pino e Touro”. “As obras recollidas no presente proxecto pretenden evitar a saída de augas procedentes da mina cara aos regos Felisa, Portapego e Angumil (tamén chamado rego de Barral), para o que se propón un sistema de recollida das augas dende o pé dos noiros, condución delas ata a presa de Angumil e o seu bombeo ata a parte alta do noiro, dende onde serán conducidas polas drenaxes interiores da mina ata a balsa de Arinteiro”.

A solicitude é o síntoma inequívoco da falla dun correcto mantemento da antiga mina de Touro, o que supuxo durante anos afeccións ao medio ambiente.





Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión.

- 1) Que avaliación fai o Goberno galego dos desbordamentos continuos de auga contaminada? Que fixo ata o de agora para evitalos?
- 2) En que consiste o “Proxecto de drenaxe temporal da Mina de Touro” presentado por “Explotaciones Gallegas” SL?

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Antón Sánchez García na data 25/01/2019 09:49:50**

**Marcos Cal Ogando na data 25/01/2019 09:49:59**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

Coñecida a nova de que o Hospital Universitario Lucus Augusti (HULA) de Lugo contará co servizo de Hemodinámica as 24 horas como reivindicaron persoal sanitario, forzas políticas e usuarios e usuarias durante anos, desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego non podemos máis que parabenizar á veciñanza de Lugo. Esta é unha vitoria das persoas e forzas políticas que non se resignaron diante da discriminación que sofre o interior do país e que vén de conseguir a rectificación por parte do Partido Popular, sexa cal sexa a motivación fonda da súa decisión.

Porén, é unha inxustiza sen comparación que o Hospital de Ourense continúe sen Hemodinámica 24 horas e que o anuncio da ampliación de horas inclúa estoutra instalación. Unha vez máis queremos recordar que falamos de salvar vidas, unha persoa non pode escoller ter un infarto en horario laboral, polo tanto é un servizo de primeira necesidade, non é un luxo ou un complemento prescindible e non se pode permitir que dependendo de onde vivas teñas máis ou menos probabilidades de supervivencia.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

A política sanitaria de Núñez Feixóo á fronte da Xunta de Galiza ao longo destes anos está poñendo contra as cordas a sanidade pública tal e como amosan as denuncias de forzas políticas, persoal sanitario e doentes; e está a agudizar a fenda interior-eixo atlántico dunha maneira desproporcionada e inxusta.

Non se pode permitir que non se garanta o acceso aos servizos sanitarios en condicións de igualdade e que Ourense siga perdendo mentres outros territorios melloran, o único que pedimos e que Ourense sexa igual e tamén reciba a hemodinámica 24 horas.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Cales son as razóns de que Ourense siga marxinada ao non ter un servizo de Hemodinámica que funcione de forma permanente?

-Vai deixar a Xunta de Galiza de pretender que as e os ourensáns escollan o horario no que ter un infarto?

-Considera a Xunta de Galiza que están abondo dotados os servizos relacionados coa cardioloxía no Hospital de Ourense?

-Considera que o criterio económico do custo de estender a hemodinámica ás 24 horas debe primar sobre as vidas a salvar?





OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

-Por que as e os ourensáns non teñen o mesmo dereito de acceso á sanidade pública que o doutras cidades?

-Pensa que é viábel que as persoas do amplo e extenso rural ourensá teñan acceso en condicións racionais aos servizos hospitalarios básicos?

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2019

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 25/01/2019 10:21:59**

**María Montserrat Prado Cores na data 25/01/2019 10:22:04**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Ana Pontón Mondelo na data 25/01/2019 10:22:05**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 25/01/2019 10:22:07**

**Olalla Rodil Fernández na data 25/01/2019 10:22:08**

**Xosé Luis Bará Torres na data 25/01/2019 10:22:09**



## Á Mesa do Parlamento

**Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río, María Julia Rodríguez Barreira, César Fernández Gil, Jacobo Moreira Ferro, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar e Diego Calvo Pouso** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta Oral en Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

A Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, introduce importantes novidades que poden afectar de xeito directo ou indirecto á Administración Local. Corresponde aos secretarios municipais, aos técnicos de urbanismo e ao persoal que tramita os correspondentes expedientes en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas, coñecer e aplicar esta normativa e os cambios que se teñen producido como consecuencia da entrada en vigor da dita Lei.

Consonte o que dispón o artigo 5 da devandita norma legal corresponde aos concellos:

- a) Recibir e comprobar as declaracións responsables, así como outorgar as licenzas que correspondan en relación cos espectáculos públicos e coas actividades recreativas que se desenvolvan dentro do termo municipal, incluídas as de carácter extraordinario.
- b) Recibir e comprobar as declaracións responsables, así como outorgar as licenzas que correspondan en relación coa apertura de establecementos abertos ao público.
- c) Adoptar as medidas que sexan necesarias para o desenvolvemento ordenado dos espectáculos públicos e das actividades recreativas da súa competencia, sen prexuízo das competencias estatais en materia de seguridade pública.
- d) Exercer as funcións de inspección e de control nos termos previstos no título IV.
- e) Incoar, instruír e resolver os expedientes sancionadores por infraccións cometidas en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas que non sexan competencia autonómica conforme o disposto no artigo 4.
- f) Autorizar as ampliacións ou reducións sobre o horario xeral, atendendo os criterios os supostos e as circunstancias que, de ser o caso, figuren na orde de horarios prevista no artigo 17.



- g) Engadir, dentro das súas competencias e sen prexuízo das que correspondan á Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, os requisitos, condicións ou límites para a apertura de establecementos públicos e a celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas no seo das súas ordenanzas municipais.
- h) Adoptar as medidas provisionais previas ao inicio do expediente sancionador nos supostos previstos no número 1 do artigo 28.

Na procura de facilitar as funcións dos operadores técnicos e xurídicos municipais, e ao mesmo tempo, que as persoas interesadas poidan acadar unha máis áxil resolución dos seus procedementos, os deputados e deputadas asinantes presenta a seguinte pregunta oral en comisión:

- Cales foron as canles empregadas pola consellería competente en materia de espectáculos públicos, para dar a coñecer, explicar e divulgar esta normativa entre todo o colectivo de empregados e políticos dos concellos galegos?

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

**Alberto Pazos Couñago na data 25/01/2019 13:30:39**

**Paula Prado Del Río na data 25/01/2019 13:30:54**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 25/01/2019 13:31:08**

**César Manuel Fernández Gil na data 25/01/2019 13:32:00**

**Jacobo Moreira Ferro na data 25/01/2019 13:32:07**

**María Isabel Novo Fariña na data 25/01/2019 13:32:18**

**Antonio Mouriño Villar na data 25/01/2019 13:34:08**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com







**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 25/01/2019 13:35:23  
**Nº Rexistro: 44678**  
Data envío: 25/01/2019 13:35:23.301

**Diego Calvo Pouso na data 25/01/2019 13:34:18**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

CSV: BOPGDSPG-Bq8Y-JHofL-3  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco, Raúl Fernández Fernández e Patricia Vilán Lorenzo deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

O Nematodo da madeira do piñeiro, *Bursaphelenchus xylophilus*, orixinario de América do Norte, pero expandiuse por Europa e leste de Asia converténdose nunha grave praga, foi detectado por primeira vez en territorio europeo en Portugal, no ano 1999.

En Galicia detectouse o primeiro caso no concello das Neves, no ano 2010 publicándose no DOG do 26 de novembro a *Resolución do 17 de novembro de 2010, da Dirección Xeral de Producción Agropecuaria, pola que se declara no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia a presenza do organismo de corentena Bursaphelenchus xylophilus (Steiner et Buhner) Nickle et al. (nematodo do piñeiro) e se ordena comezar as medidas para a súa erradicación.*

No ano 2012, una Decisión de Execución da Comisión 2012/535/UE de 26 de setembro de 2012, na que se esixe aos Estados membros medidas de emerxencia para evitar a propagación na UE do *nematodo* da madeira do piñeiro.

No ano 2016 a Comisión Europea fixo público o informe final dunha auditoría realizada en España do 17 ao 28 de outubro de 2016 co obxectivo de avaliar a aplicación da Decisión 2012/535/UE da Comisión, relativa ás medidas de emerxencia para evitar a propagación do *nematodo* da madeira do piñeiro, centrándose na zona demarcada das Neves, así como avaliar as medidas adoptadas para atender as recomendacións pendentes da anterior auditoría en relación con este tema.

A auditoría di, que a Xunta de Galicia non garantiu a realización adecuada e a tempo das inspeccións, as análises de mostras nin a adopción de medidas de control na zona demarcada das Neves.

As medidas de control foron aplicadas demasiado tarde polo que se reduciu a súa eficacia á hora de erradicar o nematodo da madeira do piñeiro. Incumprimentos que foron recorrentes e que confirman os incumprimentos dos requisitos da UE na zona demarcada das Neves.



Estamos a falar da que está considerada a praga de coníferas potencialmente máis perigosa do mundo, pola súa dificultade de control, e a rapidez con que mata ás árbores afectadas. Os piñeiros en Galicia ocupan 548.000 ha. de superficie arborada, un 37 % do total, e supoñen a día de hoxe máis do 40 % das cortas de madeira de Galicia. A extensión incontrolada da praga suporía, non só un duro golpe para a industria forestal galega, e o ecosistema do monte galego, senón que a maiores incentivaría aínda máis aos propietarios forestais a cambiar masivamente as plantacións de piñeiro por plantacións do xénero *Eucalyptus*, inmune a esta praga. O que faría saltar polos aires a recente planificación da revisión do Plan forestal de Galicia.

Na actualidade, segundo a *RESOLUCIÓN do 28 de decembro de 2018, da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, pola que se declara no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia a presenza de cinco novos positivos do organismo de corentena *Bursaphelenchus xylophilus* (Steiner et Buhner) Nickle et al. (nematodo do piñeiro) e se ordena comezar as medidas para a súa erradicación*, en Galicia hai 25 concellos das provincias de Pontevedra e Ourense incluídos na zona demarcada e 4 concellos da provincia de Pontevedra con árbores infestados e 212 fincas afectadas nos mesmos 4 concellos desta provincia.

Por iso, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª. Cales foron os motivos polos que a Xunta de Galicia non adoptou as recomendacións da Auditoría da Comisión Europea nas medidas de control na zona demarcada das Neves?

2ª. Por que non se ten actuado de xeito rigoroso na zona demarcada, despois dos lumes de outubro de 2017, que incrementaron o risco de propagación de xeito exponencial, ao multiplicar os pés de piñeiro susceptibles de ataque polo insecto vector?

3ª. Cal foi o número de trampas postas pola Xunta de Galicia para tratar de controlar esta praga?

4ª. Existe algún estudo que reflecta as zonas de potencial expansión do insecto vector, e polo tanto as zonas máis susceptibles á presenza futura do nematodo?

5ª. Que medidas ten posto en marcha o Goberno galego co fin de controlar e erradicar a dita praga, cando as puxo en marcha, con que resultados?

6ª. Considera a Xunta de Galicia que fixo todo o posible para erradicar a praga?



7ª. Que medidas ten pensado poñer en marcha para erradicar e controlar esta situación?

Pazo do Parlamento, 25 de xaneiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 25/01/2019 14:01:48**

**Raúl Fernández Fernández na data 25/01/2019 14:01:56**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 25/01/2019 14:02:07**



## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández e José Manuel Pérez Seco**, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

Tal e como figura na propia páxina web da E Vega (*Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia*), organismo dependente da Consellería de Medio Rural, “inaugurouse o 5 de novembro de 1985, coa finalidade de dar un impulso ao sector vitivinícola galego. Nun primeiro momento a súa configuración inicial estaba baseada na investigación aplicada en novos sistemas de produción de uva e viño; o asesoramento especializado e personalizado a viticultores e adegueiros; a formación a través de actividades a todos os niveis para os diferentes axentes do sector e a divulgación dos resultados obtidos nas investigacións. Posteriormente púxose o laboratorio a dispor dos consellos reguladores de Galicia para a análise dos viños e derivados. En xullo de 1997, inaugurouse a Estación Experimental de Viticultura e Enoloxía (EEVE) no concello de Ribadumia, como subestación dependente da E Vega.”

A Estación Experimental de Viticultura e Enoloxía de Galicia, situada no concello ourensán de Leiro, atende consultas que chegan dende adegas ou particulares sobre cuestións técnicas e desenrola proxectos de investigación para darlle respostas as necesidades do sector. O centro viña funcionando ata o de agora con normalidade, realizando análise de viños, augardentes ... e tamén asesoramento de temas relativos á viticultura (información sobre portainxertos, enfermidades do viñado...). Un servizo moi importante para esta comarca, cunha denominación de orixe, a do Ribeiro, que é a máis antiga de todo Galicia, e que conta con 2.800 hectáreas de viñado e máis cen adegas. Ademais, a pesares do intenso despoboamento que sofre a provincia de Ourense (disparouse a perda de habitantes ata un 128 % dende 2013 a 2018) e a elevada idade media da poboación (un terzo dos ourensáns e ourensás teñen máis de 65 anos), este sector actúa no Ribeiro como motor da economía desta comarca grazas en gran medida ao relevo xeracional, e incluso a chegada de mozos e mozas procedentes do ámbito urbano, o que fai desta a denominación de orixe con máis mocidade no viñado, e onde máis da metade dos colleiteiros en activo ten menos de 41 anos.

Recentemente o Grupo Socialista tiña coñecemento de que trala xubilación dun enólogo e dun especialista en viticultura do centro que o E Vega ten en Leiro



(Ourense), estas prazas levan preto dun ano sen cubrir, e a lectura das analíticas e o asesoramento en aspectos técnicos da viticultura se realiza en moitos casos vía telefónica por técnicos e técnicas da Estación Experimental de Viticultura e Enoloxía de Ribadumia, dependente tamén da Consellería de Medio Rural.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Por que non se cubriron na Estación Experimental de Viticultura e Enoloxía de Galicia, as vacantes por xubilación dun enólogo e dun especialista en viticultura?
2. Cal é a alternativa, mentres non se cobren estas vacantes, que a Xunta de Galicia está dando á resolución de consultas técnicas que realizan ao Evega as adegas e/ou particulares?
3. Canto tempo levan estas prazas vacantes?
4. Ten previsto a Xunta de Galicia cubrir estas prazas?
5. En caso afirmativo, cando ten previsto facelo?

Pazo do Parlamento, 25 de xaneiro de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Raúl Fernández Fernández  
José Manuel Pérez Seco  
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 28/01/2019 09:43:47**

**Raúl Fernández Fernández na data 28/01/2019 09:43:53**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 28/01/2019 09:43:57**



## Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez, Raúl Fernández Fernández e José Manuel Pérez Seco, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

De acordo cos datos do Instituto Galego de Estatística, as comarcas de Bergantiños e de Fisterra, desde o ano 2009 ata a actualidade reducíronse o número de explotacións e o número de unidades de bovino intensamente. Este descenso, que non se produciu coa mesma intensidade nas diferentes comarcas galegas, é un reflexo do desleixo co que, dende hai varios anos, a Xunta de Galicia ven tratando ao rural.

Como é sabido, a redución do número de explotacións gandeiras compense con que as que quedan son cada vez son máis grandes. O sistema tradicional de gandaría deu paso, nos últimos anos, a un sistema moito máis industrializado con maior produción. Este novo sistema é demandante de man de obra formada adecuadamente. Non obstante, existen dificultades para atopar esa man de obra.

Desde o noso punto de vista cremos que se dan varias circunstancias que inflúen nesta escaseza de persoal para traballar no agro:

- A redución considerable de poboación moza e a dificultade de relevo xeracional nas explotacións.
- A falta de formación adecuada e a dificultade para acceder a ela nas ditas comarcas.
- A falta de servizos públicos de calidade que permitan a conciliación familiar, como prazas nas garderías ou en centros e residencias de maiores.

En relación coa segunda das causas, constátase a reducida oferta formativa na familia profesional Agraria que, para as comarcas citadas, se reduce ao concello de Coristanco, na EFAG Fonteboa; aínda máis, no caso da provincia da Coruña a oferta completa é a seguinte:

-Produción agropecuaria:

Boqueixón CFEA Sergude con 20 prazas  
Coristanco EFAG Fonteboa con 30 prazas



-Gandaría e asistencia en sanidade animal:

Boqueixón CFEA Sergude con 22 prazas  
Coristanco EFAG Fonteboa con 20 prazas

-Paisaxismo e medio rural

Bergondo CFEA Guísamo con 25 prazas  
Coristanco EFAG Fonteboa con 20 prazas

-Aproveitamento e conservación do medio natural

Arzúa IES de Arzúa con 22 prazas  
Boqueixón CFEA Sergude con 25 prazas

Como se pode apreciar a oferta formativa é escasa, menos de 200 prazas para toda a provincia da Coruña.

Non obstante, non soamente se trata do número reducido de prazas, senón que, tamén, hai que sumarlle a distancia á que se atopan estes centros das vilas que conforman as ditas comarcas, o que supón que, na maioría dos casos, o tempo empregado en desprazamentos supera as dúas horas diarias.

Polo tanto, tendo en conta as dificultades que se indican desde o sector para atopar xente formada nas distintas comarcas, e valorando a reducida oferta formativa que existe está claro que nos atopamos diante dunha eiva importante para o desenvolvemento do campo galego. Desde o Grupo Parlamentario Socialista cremos que existen varias medidas que se poden adoptar por parte do Goberno, entre elas fomentar a formación e o traballo no rural. Pero atopámonos cunha lexislatura que foi anunciada como a “do rural”, pero da que non se coñecen, na práctica, os seus resultados, o que amosa que esta aposta debeu quedar no esquecemento dado que as supostas medidas non se materializaron, e como consecuencia temos unha redución dramática no número de explotacións nas ditas comarcas.

Por iso a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

- 1ª) Como valora o Goberno galego a redución drástica de poboación nova nos últimos anos nas zonas de Bergantiños e Fisterra?
- 2ª) Como valora o Goberno galego a escaseza de traballadores e traballadoras con formación agropecuaria nas comarcas de Bergantiños e Fisterra?
- 3ª) Vai levar a cabo o Goberno galego algún tipo de medida para fomentar este traballo e ampliar a oferta formativa para facilitar o acceso a ela?







Pazo do Parlamento, 28 de xaneiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**María Dolores Toja Suárez na data 28/01/2019 12:24:44**

**Raúl Fernández Fernández na data 28/01/2019 12:24:56**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 28/01/2019 12:25:04**



## Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e Raúl Fernández Fernández, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

A política levada a cabo por este Goberno no que se refire ás oficinas agrarias comarcais, os seus cometidos e a política de persoal é un claro signo do abandono ao que se ve sometido o sector agrogandeiro. Non existe ningún tipo de planificación, senón que as baixas e amortizacións de persoal se fan sen ningún tipo de criterio, sen ter en conta o peso que poida ter a actividade agrogandeira na zona, o número de afectados ... etc.

O baleiro de contido e de traballos a realizar foi paulatino de tal forma que, en moitos casos, as oficinas agrarias comarcais, que noutros tempos desenvolveron un papel fundamental de dinamización e de asesoramento, vense reducidas moitas delas a un papel de simples xestoras de tramitación e de inspección.

Ademais, danse casos nos que, debido á sobrecarga de traballo do escaso persoal co que contan algunhas oficinas, implica retrasos na tramitación dos expedientes, facendo que, ás veces, non se poidan cumprir os prazos esixidos nas convocatorias e ocasionando os correspondentes inconvenientes para os e as propietarias das explotacións.

Por iso os deputados que asinan preguntan:

Que opinión lle merece á Xunta de Galicia a situación que están a atravesar actualmente as oficinas agrarias comarcais galegas?

Pazo do Parlamento, 28 de xaneiro de 2019





**Asinado dixitalmente por:**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 28/01/2019 12:51:35**

**Raúl Fernández Fernández na data 28/01/2019 12:51:46**



## Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e Abel Fermín Losada Álvarez, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

Galicia conta con case 1.500 quilómetros de costa, que vai desde o concello de Ribadeo, na provincia de Lugo ata o concello da Guarda, na provincia de Pontevedra, e ademais conta con multitude de entrantes e saíntes e illas pequenas.

A costa galega en xeral, é escarpada sobre todo no norte da provincia da Coruña e a Mariña lucense, e con descensos pouco suaves na provincia de Pontevedra.

As rías galegas teñen unha gran importancia pesqueira, contribuíndo a que a costa galega sexa unha das zonas pesqueiras máis importantes do mundo, polo que hai que buscar a interacción entre os turistas e as xentes do mar para que compartan as experiencias e a cultura mariñeira.

Como dicía Álvaro Cunqueiro, Galicia é “o país dos dez mil ríos” cando se refería á nosa paisaxe e idiosincrasia, debido a grande cantidade de cursos fluviais. Tamén conta con moitos encoros, que aparte da produción de enerxía eléctrica, son navegables para pequenas barcas e propicia a celebración de festas semi-acuáticas.

No plano turístico, sabemos que a costa galega é visitada por unha multitude de turistas, xa que, as excelentes praias e as súas magníficas vistas son incentivos máis que suficientes para atraer a visitantes. Ademais, os deportes navais e náuticos están a ter cada vez máis auge e estanse a organizar cada vez mais campionatos en territorio galego, atraendo tanto a novos deportistas como a deportistas xa consolidados de ámbito nacional e internacional.

Por iso os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Ten pensado a Xunta de Galicia elaborar un estudo de impacto socioeconómico sobre o turismo mariñeiro e deportes náuticos e de risco en Galicia e como repercute nos demais sectores en Galicia, en caso afirmativo, en que prazo?



2ª) De que maneira esta promocionando e impulsando as novas formas de “*Blue Economy*”, principalmente o turismo mariñeiro e deportes náuticos e de risco?

3ª) Cales son as rutas e actividades que está promocionando e impulsando a Xunta de Galicia, no turismo mariñeiro e deportes náuticos e de risco, especificadas por concello?

Pazo do Parlamento, 28 de xaneiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 28/01/2019 12:54:55**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 28/01/2019 12:55:04**



## Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e Abel Fermín Losada Álvarez, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª

**Paula Vázquez Verao e Luís Villares Naveira**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do artigo disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

O Concello de Monforte precisa máis prazas de escolas infantís de 0 a 3 anos, pois anualmente a demanda supera á oferta existente.

Actualmente, o municipio conta cunha escola de titularidade municipal, con 41 prazas, a escola “Parruliños”, con 43 prazas autorizadas, e a escola que fora de Caixa Galicia, con 35 prazas, 10 das cales son concertadas por parte da Xunta, nun lote que saíu adxudicado en febreiro de 2018, e con 14 en lista de agarda.

Monforte de Lemos non conta cunha escola pública de ensino infantil da rede autonómica.

Recentemente, a Escola Infantil San Vicente de Paúl (antiga Caixa Galicia) vén de anunciar que ten graves dificultades económicas para continuar co servizo, o que poría en perigo tanto as prazas de gardería como seis postos de traballo.

En total, hai 119 prazas autorizadas de gardería en Monforte, co cal, de pechar a escola citada, perderíase máis do 30% das mesmas.

Antes das eleccións municipais de 2015, o Concello de Monforte comprometérase en camiñar cara unha unificación de dito centro coa escola infantil municipal, mais non hai constancia de avances neste sentido; avances que





deberan comezar por facer un informe sobre as posibilidades, ou non, de unificación dos centros.

Hai que ter en conta que hai liñas de financiamento para equipamento, mantemento e infraestruturas para escolas infantís por parte da Xunta; iso si, son fondos claramente insuficientes.

A Xunta afirma, nunha resposta ao Grupo Parlamentario de En Marea, que no curso 2016/2017 se concederon 24 bonos Concilia a familias de Monforte de Lemos. O bono concilia é unha axuda que ten por “obxecto contribuír a sufragar o custo dunha praza nunha escola privada a aquelas que non a obtiveran nun centro con financiamento público ou que residan en concellos onde non hai un recurso deste tipo sostido con fondos públicos”, pero de pouco vale en Monforte se tampouco hai oferta privada suficiente. De feito, todos os anos hai lista de agarda tanto na gardería municipal (ata 40 nenos e nenas en lista de agarda) como nas privadas.

A Xunta afirma que “todas as familias solicitantes dunha praza para a atención de nenos e nenas de entre cero e tres anos a obterán” e, en sede parlamentaria, o ex Conselleiro de Política Social afirmou que dotará de escolas infantís a aqueles concellos que o soliciten (comparecencia do 6 de xuño de 2017).

A provincia de Lugo ten a rateo máis baixa de Galiza en número de prazas de escolas infantís. Para En Marea, contar con recursos públicos de conciliación en todo o territorio galego debe ser unha prioridade do Goberno dun País socialmente avanzado, máis no caso dunha nación en recesión demográfica, especialmente nas zonas máis avellentadas, como a comarca de Lemos. Desgraciadamente, a Proposición non de lei que o Grupo Parlamentario de En





Marea presentou no Parlamento en decembro de 2017 para aumentar as prazas en escolas infantís na provincia de Lugo foi rexeitada polo PP.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

1. Que vai facer a Xunta ante as dificultades de continuidade da escola infantil “Gardería San Vicente de Paúl”?
2. Ten previsto a Xunta buscar unha solución inmediata de acordo co Concello de Monforte, co propio centro, co persoal e coas nais e pais do alumnado para facer viable a continuidade do servizo o vindeiro curso?
3. Non considera a Xunta que Monforte, como capital da comarca de Lemos, debe contar cun centro da rede Galiña Azul?
4. Que medidas vai tomar a Xunta para aumentar o número de prazas en escolas infantís na comarca de Lemos?
5. Ten previsto a Xunta aumentar as prazas concertadas nas escolas infantís privadas de Monforte?
6. Como vai garantir a Xunta a promesa de lista de agarda cero en escolas infantís se non hai prazas suficientes para acoller a demanda existente?
7. Solicitou formalmente o Concello de Monforte á Xunta unha escola infantil pública para o municipio?





8. Vai a Xunta impulsar a creación dunha escola infantil pública de 0 a 3 anos en Monforte?

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 29/01/2019 13:14:52**

**Luis Villares Naveira na data 29/01/2019 13:14:59**



## A Mesa do Parlamento

**María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, César Fernández Gil, Carlos Gómez Salgado, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar, Encarna Amigo Díaz, Martín Fernández Prado, Paula Prado del Río e Diego Calvo Pouso,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura.**

A Cidade da Cultura de Galicia avanza cara á súa consolidación como espazo de encontro da creación, difusión e exhibición da cultura de Galicia e para Galicia.

Un complexo cultural, non exento de avatares, que soubo adaptarse ás circunstancias económicas, sociais e políticas, enfrontando, nestes momentos, a súa etapa final construtiva e funcional.

O goberno galego vén de anunciar a posta en marcha do Edificio Fontán para completar a parte edificatoria da Cidade da Cultura, dándolle utilidade á estrutura existente destinada ao Teatro da Ópera.

O máis salientable desta decisión é o destino funcional deste edificio Fontán, tres centros vinculados ao Sistema Universitario de Galicia.

Á xa existente Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, uniranse dous centros de nova creación: o Consorcio Interuniversitario de Galicia como centro de impulso de coordinación e cooperación das universidades galegas e o Centro Europeo de Investigación en Paisaxes Culturais.

Na presentación deste proxecto, que rematará a Cidade da Cultura, establécese como horizonte temporal para a súa finalización o ano 2021, data importante para Santiago e toda Galicia por coincidir co Ano Santo 2021.

Sobre este edificio, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que pasos ten dado a Xunta de Galicia para avanzar na construción e posta en marcha do Edificio Fontán?

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2019

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



**Asinado dixitalmente por:**

**Maria Antón Vilasánchez na data 29/01/2019 13:39:30**

**Teresa Egerique Mosquera na data 29/01/2019 13:39:37**

**César Manuel Fernández Gil na data 29/01/2019 13:39:47**

**Carlos Gómez Salgado na data 29/01/2019 13:39:50**

**María Isabel Novo Fariña na data 29/01/2019 13:39:58**

**Antonio Mouriño Villar na data 29/01/2019 13:40:08**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 29/01/2019 13:40:14**

**Martín Fernández Prado na data 29/01/2019 13:40:17**

**Paula Prado Del Río na data 29/01/2019 13:40:24**

**Diego Calvo Pouso na data 29/01/2019 13:40:41**



## Á Mesa do Parlamento

**María Antón Vilasánchez, César Fernández Gil, Teresa Egerique Mosquera, Carlos Gómez Salgado, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar, Martín Fernández Prado, Diego Calvo Pouso, Soraya Salorio Porral e Encarna Amigo Díaz**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura**.

O Parlamento de Galicia aprobou, na súa sesión do 27 de setembro de 2017, cos votos favorables do Partido Popular e a abstención do resto dos grupos da Cámara, instar á Xunta de Galicia para constituír unha comisión de expertos co mandato de “realizar un estudo xurídico, en colaboración coas universidades galegas, que analice a posibilidade e os mecanismos que, respectando a legalidade vixente, permitan incorporar ao patrimonio público a propiedade das Torres de Meirás, tamén coñecidas como Pazo de Meirás, actualmente en mans dos herdeiros legais de Francisco Franco sen que a dita incorporación ao patrimonio público implique un novo custo para o pobo de Galicia, que xa o asumiu no ano 1938”.

A Xunta de Galicia, en cumprimento dese mandato constituíu, en novembro de 2017, esta Comisión, presidida polo catedrático de Historia Contemporánea da USC, Xosé Manoel Núñez Seixas, persoa de recoñecido prestixio, estivo formada por representantes da Xunta de Galicia das áreas de Facenda, Asesoría Xurídica e Patrimonio, representantes das tres Universidades galegas, un representante do colexio de Notarios, un representante do colexio de Rexistradores, un representante do Concello de Sada e un representante da Deputación da Coruña.

A Comisión presentou o resultado dos seus traballos o pasado mes de xuño, un traballo que propiciou un acordo unánime do Parlamento de Galicia, quen aprobou na sesión de xullo de 2018 no seguinte sentido:

“O Parlamento de Galicia, recoñecendo o importante traballo realizado desde hai anos por historiadores e historiadoras, asociacións da memoria histórica, a Xunta pro devolución do Pazo de Meirás e institucións coma a Deputación da Coruña e o Concello de Sada, entre outros, insta á Xunta de Galicia:





1. A que remita urxentemente o Informe da Comisión de Expertos nomeada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en cumprimento da resolución do Parlamento de Galicia, sobre as posibilidades de incorporar ao patrimonio público a propiedade das Torres de Meirás, con todos os seus anexos documentais, á Administración Xeral do Estado, coa petición de que se realicen as accións legais a que fai referencia o informe na súa conclusión final co obxecto de reintegrar as torres ou o Pazo de Meirás ao ámbito dos bens de dominio público da Administración Xeral do Estado.
2. A incorporarse, en canto sexa exercitada esa acción legal, ao proceso civil como coadxuvante adhesiva.
3. O Parlamento de Galicia declara a súa vontade de que a recuperación do pazo de Meirás para o patrimonio público non implique un novo custo para o pobo de Galicia”.

En relación con este tema, nestes días coñecemos que un dos herdeiros da familia Franco pretende realizar a venda da parte que lle correspondería do Pazo de Meirás.

Ante esta situación, os deputados asinantes formulamos a seguinte pregunta en Comisión:

Cales foron e están a ser as actuacións da Xunta de Galicia ao respecto do Pazo de Meirás?

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Maria Antón Vilasánchez na data 29/01/2019 13:43:02**

**César Manuel Fernández Gil na data 29/01/2019 13:43:10**

**Teresa Egerique Mosquera na data 29/01/2019 13:43:13**

**Carlos Gómez Salgado na data 29/01/2019 13:43:22**

**María Isabel Novo Fariña na data 29/01/2019 13:43:30**

**Antonio Mouriño Villar na data 29/01/2019 13:43:37**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



**Martín Fernández Prado na data 29/01/2019 13:43:45**

**Diego Calvo Pouso na data 29/01/2019 13:43:52**

**María Soraya Salorio Porral na data 29/01/2019 13:43:59**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 29/01/2019 13:44:06**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



## A Mesa do Parlamento

**Teresa Egerique Mosquera, César Fernández Gil, María Antón Vilasánchez, Carlos Gómez Salgado, Antonio Mouriño Villar, Isabel Novo Fariña, Encarna Amigo Díaz e Martín Fernández Prado, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura.**

Dentro das funcións da Axencia Galega das Industrias Culturais está a de favorecer a distribución dentro de Galicia dos produtos culturais das empresas culturais galegas.

As principais vías para favorecer esta distribución, sempre en colaboración con distintas entidades e axentes, son as redes culturais de Agadic, que, como saben, son a Rede Galega de Teatros e Auditorios, a Rede Galega de Salas, a Rede Galega de Música ao Vivo e finalmente o programa Cultura no Camiño.

Con estes programas pretende darse estabilidade temporal a programación musical e escénica, pero tamén favorecer unha necesaria dispersión xeográfica polas catro provincias, que no caso de Cultura no Camiño chegou aos 98 concellos.

Por todo isto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cal é a valoración que fai o Goberno galego sobre o funcionamento actual das redes de Agadic e as perspectivas de futuro?

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Teresa Egerique Mosquera na data 29/01/2019 13:33:58**

**César Manuel Fernández Gil na data 29/01/2019 13:34:09**

**María Antón Vilasánchez na data 29/01/2019 13:34:12**

**Carlos Gómez Salgado na data 29/01/2019 13:34:19**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



**Antonio Mouriño Villar na data 29/01/2019 13:34:28**

**María Isabel Novo Fariña na data 29/01/2019 13:34:35**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 29/01/2019 13:34:43**

**Martín Fernández Prado na data 29/01/2019 13:34:46**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



## A Mesa do Parlamento

**Teresa Egerique Mosquera, César Fernández Gil, María Antón Vilasánchez, Carlos Gómez Salgado, Antonio Mouriño Villar, Isabel Novo Fariña, Encarna Amigo Díaz e Martín Fernández Prado, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación y Cultura.**

Entre as liñas estratéxicas da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria atópase a elaboración da Estratexia da Cultura 2021.

Sabemos que dende a Xunta se está a traballar por unha Galicia cuxa cultura sexa xeradora de emprego e que respecte o noso patrimonio cultural e lingüístico.

Sabemos que o obxectivo principal desa estratexia é o de fortalecer a industria cultural partindo de dúas premisas, por unha banda garantir a máxima difusión da actividade cultural de base por todo o territorio e, por outra, asentar un tecido social e empresarial nese ámbito.

Dende o Grupo Parlamentario Popular interesaríanos coñecer máis a fondo os obxectivos dese Plan, desa estratexia 2021, data importante, xa que coincide coa celebración do Ano Santo.

Por estes motivos, os deputados asinantes, presentamos a seguinte pregunta en Comisión:

Como se vai elaborar esa Estratexia da Cultura de Galicia 2021 que garanta a preservación e difusión da nosa cultura?

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Teresa Egerique Mosquera na data 29/01/2019 13:36:35**

**César Manuel Fernández Gil na data 29/01/2019 13:36:44**

**María Antón Vilasánchez na data 29/01/2019 13:36:46**

**Carlos Gómez Salgado na data 29/01/2019 13:36:52**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com



**Antonio Mouriño Villar na data 29/01/2019 13:36:59**

**María Isabel Novo Fariña na data 29/01/2019 13:37:06**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 29/01/2019 13:37:12**

**Martín Fernández Prado na data 29/01/2019 13:37:15**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Quinteiro Araújo, Antón Sánchez García e Davide Rodríguez Estévez,** deputada e deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7.<sup>a</sup>**

O sector lácteo supón en Galicia o 1,85 % do Produto Interior Bruto. É un sector de gran importancia para o noso País que continua afrontando moitas dificultades sen que dende a Xunta de Galicia se leven adiante as medidas necesarias para solventalas.

Continúan a fechar explotacións leiteiras no noso país. A cifra de granxas con entregas de leite na comunidade descendeu nunhas 5.000 entre 2010 e 2017. E o ritmo non cesa, xa que entre novembro de 2017 e o pasado mes de novembro desapareceron 422 granxas máis. Polo que respecta ao prezo medio, no conxunto do Estado foi de 0,333 euros o litro, o que supón un incremento respecto aos 0,325 euros o litro de outubro. Sen embargo, é lixeiramente inferior aos 0,335 euros o litro de novembro de 2017.

En Galicia, os prezos medios en novembro foron de 0,319 euros o litro, fronte aos 0,314 de outubro, e por tanto, deuse unha suba mensual menor que a media española. Os prezos que se lle pagan aos produtores de leite galegos seguen a ser os máis baixos do Estado español, e os máis baixos das principais rexións leiteiras da Unión Europea. En troques, os costes de produción no campo subiron un 7%, segundo os datos do Ministerio de Agricultura. O problema principal é que o sector está lonxe de acadar unha estabilidade, xa que podería darse unha





nova crise onde os prezos descenderan bruscamente, afectando sempre o eslavón máis débil da cadea.

A situación de volatibilidade, aberta trala desregulación do sector coa fin do sistema de cuotas e a desregulación da produción non ten visos de desaparecer agás que se adopte dende os poderes públicos por unha política de intervención máis decidida. As medidas tomadas nos últimos anos demostraron un alcance moi limitado para corrixir a situación do sector. Os gandeiros carecen de poder para negociar os contratos, ata o punto de que as industrias ignoran ás organizacións de produtores.

Isto reflexa a importancia de manter unha mesa de diálogo que permita poñer en común as diferentes realidades e posibles solucións, cunha necesaria interlocución a nivel galego entre produtores, distribuidores, industria e administración á hora de regular uns prezos xustos.

As organizacións de produtores levan tempo pedindo a convocatoria da Mesa do Leite, desaparecida de facto ante a falta de vontade política. Os sucesivos gobernos do PP na Xunta remataron con esta e con calquera órgano interprofesional capaz de negociar uns prezos xustos para obter unhas rendas dignas que garantan o futuro do sector.

Por estes motivos presentamos as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión :

1. Cando foi a última vez que se convocou a Mesa do Leite e que medidas acordadas nela se aplicaron realmente?







2. Ten pensado a Consellería convocar a Mesa do Leite proximamente?

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Antón Sánchez García

Davide Rodríguez Estévez

Deputada e deputados do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Quinteiro Araújo na data 29/01/2019 14:34:21**

**Antón Sánchez García na data 29/01/2019 14:34:32**

**David Rodríguez Estévez na data 29/01/2019 14:35:01**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Quinteiro Araújo, Antón Sánchez Garcia e Davide Rodríguez Estévez,** deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7.<sup>a</sup>**

O sector lácteo supón en Galicia o 1,85 % do Produto Interior Bruto. É un sector estratéxico para o noso País que continua afrontando moitas dificultades sen que dende a Xunta de Galicia se leven adiante as medidas necesarias para solventalas.

Continúan a fechar explotacións leiteiras no noso país. A cifra de granxas con entregas de leite na comunidade descendeu nunhas 5.000 entre 2010 e 2017. E o ritmo non cesa, xa que entre novembro de 2017 e o pasado mes de novembro desapareceron 422 granxas máis. Polo que respecta ao prezo medio, no conxunto do estado foi de 0,333 euros o litro, o que supón un incremento respecto aos 0,325 euros o litro de outubro. Sen embargo, é lixeiramente inferior aos 0,335 euros o litro de novembro de 2017.

En Galicia, os prezos medios en novembro foron de 0,319 euros o litro, fronte aos 0,314 de outubro e, por tanto, deuse unha suba mensual menor que a media española. Os prezos que se lle pagan aos produtores de leite galegos seguen a ser os máis baixos do estado español, e os máis baixos das principais rexións leiteiras da Unión Europea. En troques, os costes de produción no campo subiron un 7%, segundo os datos do Ministerio de Agricultura. O problema principal é que o sector está lonxe de acadar unha estabilidade, xa que podería darse unha nova crise onde os prezos descenderan bruscamente, afectando sempre o eslavón máis débil da cadea.





A situación de volatibilidade, aberta trala desregulación do sector coa fin do sistema de cotas e a desregulación da produción non ten visos de desaparecer agás que se adopte dende os poderes públicos por unha política de intervención máis decidida. As medidas tomadas nos últimos anos demostraron un alcance moi limitado para corrixir a situación do sector.

Ademais, en varias ocasións houbo anuncios dende a Consellería de Medio Rural sobre a posta en marcha dun Plan estratéxico para o sector, pero a día de hoxe descoñécense as medidas aplicadas neste sentido.

Por todo o anterior, preséntanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1. Que prazos se establecen dende a Consellería para a posta en marcha definitiva dun Plan Estratéxico para o sector do leite?
2. Levouse adiante algunha medida dende a Consellería dentro do Plan Estratéxico anunciado para o sector lácteo?
3. Que orzamento se executou para o desenvolvemento deste Plan Estratéxico para o sector?
4. Cantas xuntanzas se levaron adiante cos axentes do sector para a elaboración deste Plan?

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Antón Sánchez García

Davide Rodríguez Estévez

Deputada e deputados do G.P. de En Marea.





**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Quinteiro Araújo na data 29/01/2019 13:56:01**

**Antón Sánchez García na data 29/01/2019 13:56:09**

**David Rodríguez Estévez na data 29/01/2019 13:56:16**



## Á Mesa do Parlamento

**Concepción Burgo López e Luis Álvarez Martínez**, deputada e deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en para a súa resposta oral en Comisión 4.<sup>a</sup>, Educación e Cultura**.

A igrexa de Vilabade, radicada no concello de Castroverde, ten un grave problema de humidades que se propagan por todo o templo, tal como acaba de denunciar o seu párroco, que afirma, tamén, que existe un proxecto de reparación xa dende 2017 e que o Bispado de Lugo está disposto a sufragar parte da obra.

Esta ten un custo aproximado de 55.000 euros con que se instalaría un sistema de ventilación e arranxo do tellado.

Esta igrexa, coñecida como a “catedral de Castroverde”, ten un singular interese arquitectónico polo que ten a declaración de BIC, ademais de altares e imaxes de grande valor que están en perigo pola humidade.

E, aínda mais, atópase no Camiño Primitivo polo que tería que ser unha prioridade da Xunta de Galicia segundo as súas propias manifestacións sobre a planificación do Xacobeo 2021.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan a seguinte pregunta:

- 1.<sup>a</sup>) Coñece a Consellería de Cultura e Turismo a situación da igrexa de Vilabada de Castroverde?
- 2.<sup>a</sup>) Como valora a situación na que se atopa?



3.<sup>a</sup>) Estableceu algún contacto co Bispado de Lugo para tratar a situación desta igrexa declarada BIC?

4.<sup>a</sup>) Pensa tomar algunha medida para restaurar este templo do Camiño Primitivo?

Pazo do Parlamento, 29 de xaneiro de 2019

Asdo.: Concepción Burgo López  
Luis Álvarez Martínez  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 29/01/2019 16:19:51**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 29/01/2019 16:19:59**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para o seu debate na **Comisión 5.<sup>a</sup>**, relativa á situación das infraestruturas de sanidade no concello de Cangas do Morrazo.

A discriminación que sofre en materia de prestacións sanitarias a poboación do Morrazo é histórica. A súa atención hospitalaria dáse case de xeito exclusivo nun centro privado, POVISA, que non conta cos mesmos servizos que os hospitais públicos.

Por outra banda este feito unido á súa pertenza á área sanitaria de Vigo fan que os desprazamentos aos diferentes dispositivos sanitarios sexa moi habitual, encarecendo a atención sanitaria polos desprazamentos e afastando grande parte da atención.

Este motivo foi polo que no seu día deseñouse a necesidade de contar cun Centro de Alta Resolución no que se concentrasen algunhas probas complementarias básicas e algunhas consultas especializadas, para procurar acercar e axilizar consultas de menor complexidade.

Sen embargo, este proxecto nunca se levou a cabo. A entrada do Partido Popular no Goberno bloqueou sistematicamente o desenvolvemento de este e moitos outros dispositivos sanitario deseñados para a mellora do sistema.

No caso da atención primaria a situación do centro de saúde de Aldán-O Hío non edificado é totalmente incomprendible. Despois de terse comprometido a súa construción e mercado terreos o Concello que puxo a disposición da Xunta, as parcelas seguen criando herba mentres o Partido Popular vota cada ano en contra de dotar dun novo centro de saúde.





Ese maltrato continuo que sofren as mulleres e homes de Cangas por parte da Xunta fai aínda máis rocambolesco o anuncio en positivo por parte da Xunta da vontade de construír un “Centro de Integral de Saúde”.

Un eufemismo no que trasladar que non só non se vai dotar a vila dun centro de saúde novo e dun CAR, se non que se pretende unificar o centro de saúde de Cangas e o de Moaña, perdendo superficie e afastando o servizo.

Un centro para o que nin tan sequera existe partida nos recen aprobados orzamentos de 2019.

Ante estas circunstancias, En Marea formula a seguinte Pregunta:

- 1.- Por que a Xunta non orzamenta a construción do centro de saúde de Aldán-O Hío?
- 2.- Por que a Xunta non licita a construción do centro de saúde de Aldán-O Hío?
- 3.- Ten desbotado a Xunta o proxecto do Centro de Alta Resolución? Cal é o motivo?
- 4.- Por que a Xunta solicita novos terreos edificables cando non executou aínda as obras comprometidas en Aldán para as que se lle teñen posto a disposición terreos que tiveron un custe para o Concello?
- 5.- Van pechar os centro de Cangas do Morrazo e Moaña se edifican unha nova infraestrutura? Non consideran que afastan máis a atención sanitaria?

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández  
Deputada do G.P. de En Marea.







**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 29/01/2019 17:03:51**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Antón Sánchez García, Manuel Lago Peñas e Francisco Casal Vidal**, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.<sup>a</sup>**

Ante un novo cambio de paradigma no modelo económico provocado pola crise, que ameaza con deixar fóra do novo e precarizado mercado laboral a moitas familias, a Universidade da Coruña plantexou unha proposta, respaldada polo Concello para afondar na política de promoción industrial baseada no coñecemento e nas potencialidades endóxeas da área.

Trátase do proxecto da Cidade das TIC, unha proposta liderada pola Universidade da Coruña (UdC) coa colaboración do Clúster TIC, que demanda un polo de innovación potente radicado na propia cidade. A Cidade das TIC é un proxecto que procuraría “crear un ecosistema económico e académico que facilite a transferencia de coñecemento, a captación e retención de talento e, sobre todo, a atracción e desenvolvemento dun tecido industrial altamente competitivo”.

Un proxecto coma este ten agora máis sentido que nunca, xa que as empresas do sector TIC da área metropolitana están en plena fase expansiva e precisan novos espazos para ampliar as súas instalacións e ofrecer novos servizos. A Cidade das TIC levantaríase nas instalacións da antiga fábrica de armas, onde convivirían as empresas, a Universidade da Coruña e os centros tecnolóxicos asociados, co obxecto de producir sinerxías produtivas.





O 16 de xaneiro do presente ano, o reitor da UdC, Julio Abalde, presentou ao secretario de Estado de Defensa, Ángel Olivares, no Ministerio de Defensa, este proxecto. Á reunión acudiron o Alcalde da Coruña, Xulio Ferreiro; a Subdelegada do Goberno na Coruña, Pilar López-Rioboo; o deputado socialista Ricardo García Mira; e o concelleiro de Emprego e Economía Social, Alberto Lema.

Durante a reunión, acordouse crear de forma inmediata unha comisión de traballo composta por representantes do Ministerio de Defensa, da Universidade da Coruña e do Concello da Coruña para dar forma ao proxecto da Cidade das TIC e buscar a fórmula xurídica máis axeitada para a súa materialización. Segundo o secretario de Estado de Defensa, xa está asinada a rescisión da actual concesión, polo que xa se poderían iniciar outras accións.

O proxecto conta, nestes momentos, cun apoio unánime dos actores implicados e dos grupos políticos con representación na cidade.

Precisamente porque existe un consenso amplo en torno a Cidade das TIC, custa entender a actitude negativa da Xunta ao respecto, que parece non querer sumar os seus esforzos a unha iniciativa tan necesaria para o futuro de A Coruña e de Galicia no actual momento de incerteza e mudanza económicas.

Custa entender esa actitude porque ademais o proxecto é compatible “tanto por superficie como por condicións urbanísticas e de uso, coa ampliación da oferta de equipamentos sanitarios e, no seu caso, coa construción dunha nova instalación sanitaria nesos terreos”. A Cidade das TIC ocuparía só 90.000 das 267.000 metros de solo dispoñibles no terreo.





Por todo o dito, os deputados que subscriben presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- Que opinión lle merece á Xunta de Galicia a Cidade das TIC?
- Cre que é un proxecto relevante para a cidade, como manifestou a candidata popular á alcaldía?
- Que pensa facer para facilitar a súa posta en marcha?

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Manuel Lago Peñas

Francisco Casal Vidal

Deputados do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Antón Sánchez García na data 29/01/2019 17:01:31**

**José Manuel Lago Peñas na data 29/01/2019 17:01:39**

**Francisco Casal Vidal na data 29/01/2019 17:01:49**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Quinteiro Araújo**, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.**

Segundo o “Informe sobre delitos contra la libertad e indemnidad sexual en España” do Ministerio do Interior, no ano 2017 denunciáronse 459 delitos contra a liberdade e a indemnidade sexual, a maioría dos cales (363) foron agresións, abusos ou formas de acoso sexual.

Os datos son preocupantes. Malia que a cifra de agresións sexuais leva anos manténdose máis ou menos estable na nosa comunidade, dende o ano 2013 disparáronse o resto de delitos contra a liberdade e a indemnidade sexual, incluído os abusos e o acoso. Así, pasamos dos 175 delitos deste xénero que se produciron no 2013 aos 333 de 2017.

O asunto reviste unha enorme gravidade porque non só non temos razóns para pensar que a tendencia vaia cambiar, senón que contamos con evidencias para crer que, se non se fai nada, pode acentuarse aínda máis. De xaneiro a setembro deste ano producíronse 44 agresións sexuais con penetración, oito máis que no ano 2017 e 10 máis que no 2016 durante o mesmo período. O conxunto dos delitos contra a liberdade sexual dos tres primeiros trimestres suma 396 casos, 69 máis que o ano anterior e 33 máis que en 2016 nas mesmas datas.

O informe do Ministerio do Interior alerta, ademais, de que, no conxunto do Estado, os “feitos relacionados con ciberdelincuencia sexual, mostran claramente que os principais feitos se executan contra vítimas menores de idade e que nos





últimos anos se están incrementando”. As cifras falan con elocuencia. En España, pasouse de rexistrar 417 casos de pornografía de menores no ano 2012 a rexistrar 565 no 2017; de non ter constancia de ningún caso de contacto tecnolóxico con menores de 16 anos no 2012 a rexistrar 285 casos o ano pasado; e de rexistrar 25 casos de abuso sexual no 2012 a rexistrar 107 no 2017.

Estes son datos que o Goberno da Xunta de Galicia non pode ignorar. As novas tecnoloxías, tan beneficiosas para cidadanía en moitos aspectos, supoñen un risco engadido para as rapazas máis novas, polo que cómpre trazar unha estratexia específica para loitar contra as diferentes formas de violencia machista que pode xurdir ao amparo da rede.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- Que avaliación fai a Xunta de Galicia dos datos expostos no “Informe sobre delitos contra la libertad e indemnidad sexual en España”? A que atribúe o aumento das agresións sexuais con penetración e do conxunto dos delitos contra a liberdade sexual nos nove primeiros meses do ano?
- Que avaliación fai a Xunta de Galicia dos riscos que entrañan as novas tecnoloxías para as mulleres máis novas? Que medidas está adoptando e pensa adoptar para garantir a seguridade das rapazas na rede?

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Deputada do G.P. de En Marea.





**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Quinteiro Araújo na data 29/01/2019 17:35:49**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García**, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.<sup>a</sup>**.

O Goberno do Estado comprometeuse a estudar a rebaixa e mesmo a eliminación da peaxe do tramo da AP-9 que vai da Coruña a Ferrol, pero solicita a colaboración da Xunta no pago da tarifa.

Deste xeito, o Goberno central propón unha medida análoga aos acordos acadados no seu día para os tramos Vigo-O Morrazo e A Coruña-A Barcala. Nestes tramos, a colaboración da Xunta coa concesionaria da autopista, Audasa, e co Ministerio de Fomento, permitiu eliminar totalmente as peaxes. En ambos casos, a Xunta financia o 50% da eliminación dos custes.

Eliminar a peaxe do tramo Ferrol-A Coruña suporía numerosas vantaxes para a contorna, como leva tempo sinalando a Asociación de Empresarios de Ferrolterra (AEF). Melloraría o acceso ao emprego ao reducir os desproporcionados custes de desprazamento, diminuíría a sinistralidade nas estradas e melloraría a calidade de vida dos traballadores –que terían que dedicar menos tempo aos desprazamentos–. Ditas vantaxes afectarían a un número moi elevado de persoas que viven e traballan no entorno de ámbalas dúas cidades.

A eliminación da peaxe do tramo Ferrol-A Coruña é unha medida que habería que tomar con urxencia, xa que o percorrido non conta nin tan sequera con medios de desprazamento alternativos aos que poidan recorrer os traballadores e







traballadoras para chegar aos seus destinos nun prazo de tempo razoable. Lembremos que o tren que cubre o traxecto tarda hora e media en chegar dunha cidade a outra.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- A Xunta de Galicia pensa colaborar co Goberno do Estado para eliminar ou reducir a peaxe do tramo da AP-9 que vai da Coruña a Ferrol?
- Conta a Xunta con estudos sobre o impacto que tería a medida na contorna?
- Como valora o Goberno da Xunta a proposta do Goberno central?

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Marcos Cal Ogando na data 29/01/2019 17:51:47**

**Antón Sánchez García na data 29/01/2019 17:52:01**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao, Davide Rodríguez Estévez, Eva Solla Fernández, Flora María Miranda Pena e Luís Villares Naveira**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5.<sup>a</sup>**

Folgozo do Courel é un municipio duns 194 km<sup>2</sup> que conta cunha poboación total de 1.018 persoas (2018), das cales o 44,1% ten máis de 65 anos, cun índice de envellecemento dos máis elevados de Galiza, como sucede noutras zonas de montaña.

No Courel hai só 40 menores de 15 anos censados e o saldo vexetativo é negativo.

A vida nas zonas montañosas, como o Courel, impón unha serie de dificultades á hora de acceso aos servizos -maiores distancias- que se agravan se as Administracións, como é o caso, non apostan por garantir condicións de benestar.

A nivel de comunicacións, o Courel ten un grave déficit, tanto no estado e trazado das estradas como nos medios de transporte colectivo.

En canto aos servizos sanitarios, hai dous centros de saúde de Atención Primaria (en Seoane e en Folgozo), pero, no verán, sistematicamente (tamén noutras datas), as prazas dos médicos de familia e de dúas enfermeiras dos centros de saúde de Folgozo do Courel non son substituídas na súa totalidade durante as vacacións do persoal titular, co cal só queda un médico e unha praza de enfermería para os dous centros de saúde do municipio. Segundo o SERGAS, ambos centros teñen 820 persoas aseguradas adscritas pero, ademais, hai que ter en conta que a poboación do municipio aumenta durante o verán, dado a





afluencia de turistas e o retorno de persoas do Courel que viven fóra habitualmente.

Deste xeito, as profesionais deben repartir o traballo entre os dous centros de saúde existentes en Folgoso do Courel, estando 3 horas en cada un dos centros, entre os cales hai 12,6 km por unha estrada estreita e sinuosa. Ademais, cando hai urxencias ou visitas a domicilio, os centros de saúde quedan sen persoal, cos conseguintes problemas para as persoas usuarias, sobre todo cando hai algunha emerxencia.

A falta de substitución das vacacións do persoal de Atención Primaria é unha constante na Sanidade Pública do noso País. Tamén é constante a oferta de contratos temporais ás profesionais do SERGAS, condenando a zonas como o Courel á falta de cobertura de prazas.

Por outra parte, dende a xubilación do titular da praza de Seoane, en setembro de 2018, o SERGAS foi cubrindo a praza de xeito interino, porque, segundo o SERGAS, ningunha persoa das listas de contratación optou a ela, co cal se produciu un constante cambio de médico ou médica, co conseguente prexuízo para o seguimento dos casos.

No DOG nº 42, do mércores, 1 de marzo de 2017, na Resolución do 10 de febreiro de 2017, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se procede ao nomeamento como persoal estatutario fixo e á adxudicación de destino definitivo aos/ás aspirantes seleccionados/as no concurso-oposición para o ingreso na categoría de médico/a de familia de atención primaria, convocado pola Resolución do 10 de decembro de 2014, modificada pola Resolución do 24 de abril de 2015, publícase unha praza de médico de familia con destino definitivo no Concello de Folgoso do Courel indicando como centro de saúde Seoane-Folgoso do Courel, con guión, como se fora o mesmo centro de saúde.





En Folgoso do Courel, ademais, xa non hai gardas nocturnas, sendo o centro sanitario de referencia para a poboación de Folgoso do Courel o PAC de Quiroga, a 15 km de distancia de Folgoso e a 25 km de Seoane, tardándose, no caso dalgúns lugares do municipio, máis dunha hora en chegar a dito PAC. Ademais, no traxecto dende O Courel ata o PAC de referencia, tense feito o traslado en ambulancia non medicalizada en situacións graves e téñense producido transbordos de pacientes no Alto do Boi.

Neste Concello non hai servizo de pediatría ningún día á semana, tendo que desprazarse os e as nenas ao Centro de Saúde de Quiroga, onde só hai servizo de pediatría dous días á semana, de mañá.

A cidadanía de Folgoso do Courel ten unha sensación de illamento sociosanitario, pois á falta de cobertura de baixas e permisos dos e das profesionais nos centros de saúde, únese o escaso mantemento das estradas, as distancias e tardanza en chegar ao PAC de referencia e a situación de desabastecemento de medicinas no municipio que se produciu no ano 2016. Esta sensación provoca que mesmo xente maior con patoloxías estea pensando en marchar do Concello a outras zonas con máis servizos.

No eido do benestar social, Folgoso do Courel non ten ningún tipo de servizo de residencia de maiores nin de centro de día, sendo estas vellas demandas da cidadanía. Tras moitos anos de promesas incumpridas por parte da Xunta, finalmente, Deputación e Concello asumen o proxecto de residencia e centro de día, pero non é ata o 1 de agosto de 2018 cando Deputación e Concello asinan un convenio para dotarse dunha residencia de maiores e dun centro de día.

Por outra parte, con motivo do concurso de traslados do ano 2015 quedou vacante o posto de Traballadora Social no Centro de Saúde de Quiroga.

Folgoso do Courel conta cunha “casa niño”.





As áreas de montaña son fundamentais para a protección da biodiversidade e do patrimonio cultural dos pobos. Tendo en conta as súas características, as zonas de montaña precisan políticas de “discriminación positiva” para garantir os servizos públicos, potenciando así que a cidadanía destes territorios poida vivir e traballar con dignidade, cos mesmos dereitos que o resto da poboación.

Polo exposto, as deputadas que subscriben formulan as seguintes preguntas:

Que fixo a Xunta para cubrir a praza do Centro de Saúde de Seoane do Courel?

Vai a Xunta mellorar a atención sociosanitaria na comarca do Courel?

Vai a Xunta mellorar a cobertura pediátrica da comarca de Quiroga-Courel a medio prazo?

Por que a Xunta non cubre a praza de Traballador/a Social no Centro de Saúde de Quiroga?

Vai a Xunta colaborar con Deputación e Concello na dotación de prazas residenciais e de centro de día para persoas maiores no Courel?

Vai a Xunta aumentar os servizos de conciliación para menores de 3 anos no Courel?

Vai a Xunta rectificar e aumentar o orzamento da Atención Primaria?

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao  
Davide Rodríguez Estévez  
Eva Solla Fernández  
Flora Miranda Pena  
Luís Villares Naveira  
Deputadas e deputados do G.P. de En Marea.





**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 29/01/2019 18:10:24**

**David Rodríguez Estévez na data 29/01/2019 18:10:31**

**Eva Solla Fernández na data 29/01/2019 18:10:40**

**Flora María Miranda Pena na data 29/01/2019 18:10:48**

**Luis Villares Naveira na data 29/01/2019 18:10:55**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Davide Rodríguez Estévez e Antón Sánchez García**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 7ª**, sobre a supresión da aplicación de medidas de control e erradicación da praga da Tecia (Scrobipalopsis) solanivora (Povolny) impostas polo Real Decreto 197/2017, de 3 de marzo, polo que se establece o Programa nacional de control e erradicación desta.

A praga da pataca ocasionada pola couza guatemalteca (Tecia Solanivora) afectou dunha forma moi dura a diversas zonas de Galicia. En novembro de 2015 Medio Rural recoñecía oficialmente a praga na zona de Ferrol, Narón e Neda e meses despois decretaba tamén a corentena en Viveiro, Xove, Cervo, Foz e O Valadouro, na Mariña lucense. Hoxe, toda a comarca está afectada.

Unha das medidas que se adoptaron foi a que ditou a Resolución do 2 de febreiro de 2017, da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias. Esta ampliou as zonas demarcadas pola presenza da praga de corentena denominada Tecia solanivora Povolny ou couza guatemalteca da pataca e estableceu concellos, ben afectados, ben como zonas tampón.

Considerando que o vindeiro 2 de febreiro de 2019 vanse facer os dous anos mínimos para a aplicación de medidas de control e erradicación da praga impostas polo Real Decreto 197/2017, de 3 de marzo, por el que se establece el Programa nacional de control y erradicación de Tecia (Scrobipalopsis) solanivora (Povolny), dende o Grupo Parlamentario de En Marea presentamos a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.





1. Que valoración fai a Xunta de Galicia sobre a praga nos concellos afectados de Galicia segundo o establecido no artigo 8.1.a do Real Decreto 197/2017.

2. Vai a Xunta de Galicia levantar a prohibición de plantar patacas nas zonas nas que non se detectaron capturas de Tecia solanivora nas trampas dentro dos territorios das zonas afectadas durante os últimos dous anos ou valorar no seu caso incluír estes concellos na zona tampón ou na zona libre de praga?

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea

**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 29/01/2019 18:34:21**

**Antón Sánchez García na data 29/01/2019 18:34:29**





## Á MESA DO PARLAMENTO

**Francisco Casal Vidal e Marcos Cal Ogando**, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral na Comisión 2ª**, relativa ao emprego de munición de chumbo no territorio galego para actividades cinexéticas

Que o chumbo é un metal altamente contaminante é un feito asumido pola inmensa maioría da cidadanía e avalado pola comunidade científica e mesmo as autoridades, que teñen desenvolto diferentes medidas para eliminar este tóxico de produtos cotiás como os combustibles ou a pintura, tal e como sucede con produtos potencialmente canceríxenos, entre os que se atoparía o amianto, cuxas condicións de retirada esixen unha serie de cualificacións e requisitos especiais.

A ECHA, Axencia Europea de Sustancias e Mezclas Químicas, divulgou o pasado 12 de Setembro as conclusións do seu informe acerca dos efectos nocivos da munición que contén chumbo non só nos ecosistemas terrestres e os humidais, senón tamén nas persoas que consumen carne dos animais tiroteados con este tipo de perdigóns <sup>1</sup>.

En 2015 o Parlamento de Galicia debateu unha Proposición de Lei, e aprobou a súa admisión a trámite, para modificar a Lei de Caza e introducir un veto á munición que contivera chumbo, mentres que case catro anos despois non tomou ningunha medida ao respecto, nin tan sequera os anuncios realizados sobre “sensibilización”.

---

<sup>1</sup> <https://echa.europa.eu/es/-/echa-identifies-risks-to-terrestrial-environment-from-lead-ammunition>





Ante a falta de información suficiente sobre o asunto mencionado na exposición de motivos, En Marea presenta a seguinte Pregunta ao Goberno para a súa resposta en Comisión:

1. Ten previsto a Xunta introducir algunha medida legislativa para vetar a munición que contén chumbo e esixir o emprego de materiais alternativos, tal e como sucede noutros países?
2. É consciente a Xunta das toneladas de chumbo que se precipitan nos montes galegos, tamén en espazos protexidos, por mor das batidas?
3. Ten algún estudo a Xunta elaborado onde se detalle o impacto real do chumbo no país? En caso negativo, como é posible non realizar unha mínima pesquisa sobre o uso dun metal contaminante en entornos naturais?

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**





**Francisco Casal Vidal na data 29/01/2019 18:41:23**

**Marcos Cal Ogando na data 29/01/2019 18:41:34**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Francisco Casal Vidal e Marcos Cal Ogando**, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na Comisión 2.<sup>a</sup>, relativa á participación de menores de idade en cacerías.

A participación de persoas menores de idade en actividades cinexéticas é, canto menos, cuestionable dende o punto de vista das disciplinas como a Psicoloxía do Desenvolvemento e a Psicoloxía Social, banalizando imaxes e contextos de crueldade intrínseca da caza como se estas foran aceptables en calquera espazo e lugar, como evidencian logo os vídeos que teñen circulado nas redes sociais e nos medios de comunicación onde se somete a tortura a animais silvestres.

Países como Polonia teñen avaliado de xeito recente a prohibición da participación de menores de 18 en actos de caza, ao entender que debe existir unha protección do interese superior do menor, da súa integridade tanto física como psíquica e moral, e dende logo expoñelos á violencia ou a accidentes derivados desta actividade non o é.

Ante a falta de información suficiente sobre o asunto mencionado na exposición de motivos, **En Marea presenta a seguinte Pregunta ao Goberno para a súa resposta oral en Comisión:**

1. É consciente a Xunta do impacto nocivo das imaxes de caza e violencia para o desenrolo moral e intelectual das persoas menores de idade?
2. Sabe a Xunta os perigos e ameazas que rodean aos menores con licencia de caza en Galicia no marco destas batidas non exentas de toda clase de riscos?





3. Cantas persoas menores de idade teñen licencia de caza no 2018?

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Francisco Casal Vidal na data 29/01/2019 18:39:21**

**Marcos Cal Ogando na data 29/01/2019 18:39:29**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Davide Rodríguez Estévez, Antón Sánchez García e Paula Quinteiro Araujo**, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 7ª**, sobre a situación na que se atopa a comisión de seguimento da praga da Couza Guatemalteca.

A comisión de seguimento tería que terse constituído inmediatamente despois da súa aprobación no Parlamento de Galicia, xa que a situación require de respostas o máis áxiles e coordinadas posibles.

Preocúpanos que dende o 2 de marzo, que é cando se aproba por unanimidade no Parlamento galego a creación dunha comisión técnica de seguimento da praga da Couza Guatemalteca, os deputados desta comisión solo recibíramos un informe nestes anos sobre as reunións que, en principio, mantiveron.

Ademais, consideramos que esta comisión de seguimento adoece da falta de representación de organizacións coma os sindicatos agrarios e a falta de transparencia ao non informar os grupos parlamentares das medidas alí adoptadas e dos datos ofrecidos, tal e como se acordou na comisión 7ª do Parlamento de Galicia.

Por todo o exposto, preséntanse as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1. A que se debe o retraso das convocatorias da comisión de seguimento?
2. Cal é o motivo polo que non se lle informa aos grupos parlamentares dos datos expostos e das medidas adoptadas en dita comisión?
3. Que avances e conclusións levou a cabo esta comisión?





Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez  
Antón Sánchez García  
Paula Quinteiro Araujo  
Deputados e deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 29/01/2019 18:52:09**

**Antón Sánchez García na data 29/01/2019 18:52:17**

**Paula Quinteiro Araújo na data 29/01/2019 18:52:29**



## Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

A Consellería do Mar acaba de publicar a Orde do 19 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases e se regula o procedemento para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas para investimentos que fomenten a pesca sustentable para propietarios de buques pesqueiros, pagadas conxuntamente co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP). O crédito orzamentario destas axudas destinado a mellorar a hixiene, saúde, seguridade e condicións de traballo é unicamente de 326.665 €.

Tal e como establece o título das axudas e posteriormente o detalle do crédito orzamentario, o obxectivo desta liña non é outro que mellorar a sustentabilidade da pesca, así como a mellora das condicións de traballo. Obxectivos que desde o Grupo Socialista compartimos xa que o consideramos de grande importancia para o futuro do sector, ademais de ir en liña co Plan Estratéxico Galego 2015-2020, eixe 3, denominado *Creceemento sustentable, territorio, mar, agricultura, gandería e montes*.

Por maior abastanza, a un ano de rematar o prazo da Estratexia Galega de Seguridade e Saúde no Traballo (EGSST) 2017-2020, na que se establecen obxectivos como a mellora substancial do benestar no traballo e das condicións laborais, o uso das novas tecnoloxías e das numerosas innovacións na organización do traballo, e a prevención eficaz das enfermidades relacionadas co traballo, non coñecemos o resultado das medidas nin o seu grao de execución.

Outro dos aspectos recollidos no documento da Estratexia fai referencia á necesidade de adaptación do lugar de traballo á accesibilidade do posto e ás intervencións dirixidas aos traballadores de maior idade. Desde o noso grupo entendemos a importancia que ten este aspecto, pero hai que destacar que un dos maiores retos que ten a pesca galega neste momento é acadar un relevo xeracional, que lle permita dar continuidade ao sector. Precisamente nese sentido desde a Consellería do Mar, sempre se esgrimiu a mellora da habitabilidade como factor fundamental para atraer novos profesionais. Esta afirmación contrasta enormemente coa cantidade ridícula de 326.665 euros que figuran nas axudas, o que representa un 0,2 % do orzamento total da propia consellería.





É difícil comprender como se van acadar uns obxectivos de tal importancia, sen unha asignación de maior importe. O certo é que a Consellería vén argumentando repetidamente que desde o sector non se solicitan as axudas, pero entendemos que o labor dun Goberno debe ir máis alá da simple adxudicación ou denegación das solicitudes recibidas, debería levar a cabo accións de divulgación e sensibilización en relación cos cambios que se están a producir na pesca, e poñer de manifesto a necesidade de realizar investimentos de cara a conseguir os obxectivos marcados no plan para mellorar a habitabilidade, as condicións de traballo e a seguridade das embarcacións.

Tanto nesta lexislatura, como nas pasadas, desde o Grupo Socialista púxose de relevo a necesidade de incrementar as partidas para mellorar a seguridade das embarcacións, entre outras medidas, consideramos necesario o establecemento de sistemas para manter as embarcacións a flote no caso de accidentes marítimos ou os sistemas individuais de localización. Pero atopámonos cun muro de pedra, xa que as iniciativas presentadas neste senso non atoparon o seu apoio, como foi o caso das emendas parciais ao proxecto de orzamentos para 2019, realizadas por este grupo, que foron rexeitadas. Por outro lado, iniciativas que se aproban neste Parlamento, non se executan, como é o caso da resolución número 56 aprobada por unanimidade na sesión plenaria do día 10 de maio de 2016, en relación co Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020, que tiña o seguinte contido:

*«Posta en marcha e finalización nos próximos cinco anos dun programa para o desenvolvemento de melloras a bordo dos buques, con especial fincapé nos avances na seguridade e habitabilidade a bordo, tales como a instalación de mecanismos antiafundimento.»*

Por iso as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que accións levou a cabo o Goberno galego desde o ano 2015 para a divulgación das axudas, así como para a sensibilización sobre a necesidade de realizar investimentos a bordo, xa sexan en novas tecnoloxías ou innovacións na organización do traballo?

2ª) Que accións vai levar a cabo o Goberno galego durante este ano para a divulgación das axudas, así como para a sensibilización sobre a necesidade de realizar investimentos a bordo, xa sexan en novas tecnoloxías ou innovacións na organización do traballo?

3ª) En que situación se atopa o cumprimento da resolución número 56, aprobada por unanimidade no Parlamento de Galicia no ano 2016, que supoñía a “posta en marcha e finalización nos próximos cinco anos dun programa para o desenvolvemento de melloras a bordo dos buques, con especial fincapé nos



avances na seguridade e habitabilidade a bordo, tales como a instalación de mecanismos antiafundimento.»?

4ª) Que accións se levaron a cabo por parte do Goberno galego para acadar os obxectivos establecidos na Estratexia Galega de Seguridade e Saúde no Traballo (EGSST) 2017-2020, en canto á mellora substancial do benestar no traballo e as condicións laborais, así como a prevención eficaz das enfermidades relacionadas co traballo, e cal é o seu grao de cumprimento?

5ª) Considera o Goberno galego que estes obxectivos se poden acadar con 326.665 euros, cantidade que supón un 0,2 % do total do orzamento da Consellería do Mar?

Pazo do Parlamento, 29 de xaneiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**María Dolores Toja Suárez na data 29/01/2019 19:14:05**

**Patricia Otero Rodríguez na data 29/01/2019 19:14:28**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª**.

En xaneiro de 2019 hai en Galiza unhas 3000 persoas usuarias de comedores sociais ao día. No País existen 12 comedores sociais rexistrados. Segundo a Encuesta sobre centros de atención a personas sin hogar 2016, do INE, en Galiza había 1580 prazas de comedor a día 15 de decembro de 2016.

A maioría de centros refire un repunte de persoas usuarias ao longo do ano 2018. O perfil maioritario é de homes solos de en torno a 50 anos, en desemprego. Nalgúns comedores detéctase tamén o aumento da presenza de mozos desempregados.

Segundo os últimos datos da EPA, do último trimestre de 2018, en Galiza hai 148.900 persoas no paro. Pola contra, hai 1.088.100 persoas ocupadas, fronte ás 1.196.400 no mesmo período de 2008. Así, nunha década perdéronse 108.300 empregos. En canto ás persoas activas, eran 1.237.000 persoas a finais de 2018, 87.100 menos que en 2008.

A taxa de paro sitúase nun 12%, con diferencias a respecto do tramo de idade, pois, entre a mocidade a taxa de paro acada o 21,5% no cuarto trimestre de 2018. No caso das persoas maiores de 45 anos, a medida que se avanza en idade, hai unha cronificación do paro de longa duración. Segundo datos do IGE, neste caso, en 2018 había en Galiza 75.076 persoas paradas de longa duración, das cales o 21% tiña máis de 60 anos e un 19,8 % entre 55 e 59 anos, sendo no seu conxunto o 40,8% das persoas paradas de longa duración.



Entre as 317.9000 persoas mozas de entre 16 e 29 anos de Galiza, o 38,5% están ocupados, mentres que o 10,5% están no paro, chegando ata o 51% as persoas non activas, situándose así a taxa de actividade da mocidade nun 38,5%.

No cuarto trimestre de 2018, o número de fogares nos que todos os seus membros activos están en paro aumenta en 1.200 unidades, chegando aos 54.200 fogares.

O 13,9% da poboación ocupada ten unha xornada parcial, case o 60% das mesmas ocupadas nesta modalidade porque non atopan emprego a tempo completo.

Por outra parte, os salarios galegos experimentaron unha forte caída durante a crise. Tal e como amosa a Axencia Tributaria na súa estatística do Mercado de Traballo nas Fontes Tributarias, en 2008 a masa salarial de Galicia foi de 20.128 millóns de euros, mentres que en 2016 a masa salarial é de tan só 18.328 millóns de euros. Tendo en conta que o IPC acumulado entre 2008 e 2016 en Galicia é o 7,8%, a caída real da masa salarial elevaríase a 3.370 millóns de euros, un retroceso do 15% en comparación co ano 2008.

Dende 2012 recortáronse as prestacións por desemprego, afondando na precariedade da clase traballadora.

Segundo a EAPN, en 2017 as persoas galegas vivindo en fogares de baixa intensidade laboral era do 12%.

Polo exposto, a deputada que subscribe pregunta á Xunta de Galicia:

- Ten a Xunta algún estudo recente sobre a evolución do perfil de persoas asistentes a comedores sociais?





- Non considera a Xunta vergoñento que aumentara o número de persoas usuarias de comedores sociais ao longo de 2018?
- Vai reaccionar a Xunta ante a elevada precariedade material da clase traballadora galega?
- Cando vai a Xunta elevar as contías da RISGA e activar o Decreto regulador da mesma?
- Vai a Xunta asumir a necesidade de mellorar o sistema de prestacións por desemprego?
- Vai a Xunta aumentar os recursos públicos de atención a persoas sen fogar?
- Vai a Xunta atender a crecente precariedade material das persoas maiores de 55 anos?
- Como valora a Xunta o feito de que máis do 40% das persoas paradas de longa duración sexan maiores de 55 anos?
- Que medidas de impulso laboral vai aplicar para o colectivo de maiores de 55 anos?

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao  
Deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**





**Paula Vázquez Verao na data 29/01/2019 19:10:28**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5.<sup>a</sup>** relativa á situación das infraestruturas de sanidade no concello de Lalín.

O afastamento do concello de Lalín ao punto onde se sitúan grande parte das especialidades sanitarias, albergadas no Complexo Hospitalario Universitario de Compostela, unido ao avellentamento da poboación foron algúns dos motivos polos que na década pasada se definise a necesidade de contar cun Centro de Alta Resolución no que se concentrasen algunhas probas complementarias básicas e algunhas consultas especializadas, para procurar acercar e axilizar consultas de menor complexidade, así coma algunhas intervencións ambulatorias.

Sen embargo, este proxecto nunca se levou a cabo. A entrada do Partido Popular no Goberno bloqueou sistematicamente o desenvolvemento de este e moitos outros dispositivos sanitario deseñados para a mellora do sistema.

O rexeitamento a formalizar e orzamentar este proxecto a pesares de contar con terreos municipais acompañouse co persistente voto en contra en cada anualidade de todas as emendas efectuadas pola oposición aos orzamentos da Xunta para propor as partidas necesarias.

Sen embargo, tras rexeitar no mes de decembro as emendas de En Marea para a construción de este dispositivo, a Xunta anunciaba un “Centro de Integral de Saúde” para Lalín coma se este fose algún tipo de novidade.

O certo é que, a estas alturas, tras ter asinado un convenio co Concello, descoñecemos na realidade (só nas novas de prensa), cal é a diferenza co anterior proxecto, que vai pasar co centro de saúde ou con que cartos se vai construír esta





infraestrutura. Hai que lembrar que nin tan sequera existe partida nos recen aprobados orzamentos de 2019.

Ante estas circunstancias, En Marea presenta a seguinte Pregunta:

- 1.- Vai ter o proxecto do Centro Integral de Saúde todos os servizos programados para o Centro de Alta Resolución?
- 2.- Por que non se incluíu unha partida nos orzamentos de 2019 para a súa construción?
- 3.- Van comprometer por escrito unha partida orzamentaria para a construción deste dispositivo?
- 4.- Cando van licitar o seu proxecto? Para cando pretenden telo rematado?

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández  
Deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 29/01/2019 19:57:46**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª**.

A situación pola que atravesamos o Centro de Saúde de Mugar dos acumulamos desde hai tempo un conxunto de deficiencias que, lonxe de solventarse, agrávanse progresivamente; incidindo moi negativamente na atención ás usuarias e usuarios do servizo de saúde.

Estamos a falar da amortización práctica de persoal facultativo, ao non substituír as ausencias. De feito, dos catro médicos que forman a plantilla do centro poucas veces estiveron ao completo; mesmo chegando a haber só unha persoa.

Como resultado do anterior, provócase un auténtico caos na asignación de citas, retrázanse os horarios de atención previsto nas citas; e facendo que moitas usuarias decidan trasladarse ao PAC de Fene.

Un panorama no que, ao final, pouco máis se fai que atender ás persoas usuarias, mais non facer un seguimento da doenza. E, ademais, derivado do anterior provócanse situacións de enfrontamentos entre usuarias e persoal do Centro; que en nada favorece a relación asistencial.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Ao fío desta situación, formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

1.- Coñece a Xunta a situación de conflitividade existente no Centro de Saúde de Mugardos, por mor da non substitución do persoal?

2.- É consciente a Xunta dos prexuízos que se derivan da non cubrición das prazas que non se repoñen para as persoas usuarias do Centro de Saúde?

3.- Pensa a Xunta que este tipo de situacións favorecen o exercicio dunha relación asistencial normal entre o persoal do Centro de Saúde e as persoas doentes?

4.- Que medidas urxentes ten previsto adoptar a Xunta para garantir a cobertura das ausencias das profesionais sanitarias e outro tipo de persoal, para organizar racionalmente as axendas das citas e garantir a acaída información ás usuarias de todos os procedementos que afectan ás súas doenzas?

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 29/01/2019 11:02:14**

**Ana Pontón Mondelo na data 29/01/2019 11:02:19**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 29/01/2019 11:02:20**

**Olalla Rodil Fernández na data 29/01/2019 11:02:22**

**Noa Presas Bergantiños na data 29/01/2019 11:02:23**

**Xosé Luis Bará Torres na data 29/01/2019 11:02:25**



## A Mesa do Parlamento

**M<sup>a</sup> Julia Rodríguez Barreira, Raquel Arias Rodríguez, Teresa Egerique Mosquera, César Fernández Gil, María Antón Vilasánchez, Carlos Gómez Salgado, Antonio Mouriño Villar, Isabel Novo Fariña, Encarna Amigo Díaz e Martín Fernández Prado**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4<sup>a</sup>, Educación e Cultura**.

O pasado 29 de decembro de 2017, a Xunta de Galicia publicaba no DOG a incoación do expediente de declaración BIC da Ribeira Sacra, na categoría de paisaxe cultural.

Un ano despois, o 31 de decembro de 2018, o Diario Oficial de Galicia publicaba xa o Decreto 166/2018, do 27 de decembro, polo que se declara ben de interese cultural a paisaxe cultural da Ribeira Sacra.

Polo medio, abriuse un período de exposición pública de tres meses no que os interesados puideron formular as alegacións que estimaron oportunas e desenvolveuse un importante traballo técnico pero tamén unha serie de reunións cos Concellos, Deputacións, e colectivos, ata acadar un documento que contase co maior consenso posible no territorio.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte Pregunta Oral en Comisión:

1. Que balance fai a Xunta de Galicia do procedemento administrativo que levou á declaración como ben de interese cultural da Ribeira Sacra?
2. Como avanza o seguinte paso trala declaración BIC, isto é, a candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio Mundial da UNESCO?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 30/01/2019 11:28:02**

**Raquel Arias Rodríguez na data 30/01/2019 11:28:13**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



**Teresa Egerique Mosquera na data 30/01/2019 11:28:20**

**César Manuel Fernández Gil na data 30/01/2019 11:28:29**

**María Antón Vilasánchez na data 30/01/2019 11:28:31**

**Carlos Gómez Salgado na data 30/01/2019 11:28:37**

**Antonio Mouriño Villar na data 30/01/2019 11:28:48**

**María Isabel Novo Fariña na data 30/01/2019 11:28:54**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 30/01/2019 11:29:02**

**Martín Fernández Prado na data 30/01/2019 11:29:05**



## Á Mesa do Parlamento

**Marta Rodríguez Arias, Aurelio Núñez Centeno, Marián García Miguez, Encarna Amigo Díaz, Marta Rodriguez-Vispo Rodríguez, Miguel Tellado Filgueira, Soraya Salorio Porral, Raquel Arias Rodríguez e Sandra Vázquez Domínguez**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª; Sanidade, Política Social e Emprego**.

O conselleiro de Política Social participou o pasado 26 de xullo na reunión extraordinaria do Consello Territorial de Servizos Sociais e Dependencia para o reparto de fondos estatais destinados a programas sociais de protección da familia, de loita contra a pobreza infantil e plan concertado; e para axudas a entidades sociais a través do Imposto da Renda das Persoas Físicas (IRPF).

No caso de Galicia a achega estatal ascenderá a un total 22,2 millóns de euros, dous máis que o exercicio pasado.

O esforzo que está facendo Galicia é moi superior ás transferencias económicas que recibe do Estado. En relación ao Plan Concertado, que permite mellorar os servizos sociais básicos e de proximidade dos concello, Galicia destina 12 millóns de euros e o Estado aporta 3 millóns.

Cómpre seguir traballando para avanzar nuns criterios de distribución que atendan características como a maior esperanza de vida e a dispersión da poboación que teñen comunidades como Galicia e que fan necesaria unha maior aportación por parte do Estado.

Por todo isto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cal é o compromiso do Estado en relación á necesidade de avanzar no incremento dos orzamentos destinados a políticas sociais?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Marta Rodriguez Arias na data 30/01/2019 12:23:45**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 30/01/2019 12:23:56**

**María Ángeles Garcia Míguez na data 30/01/2019 12:24:02**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 30/01/2019 12:24:08**

**Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 30/01/2019 12:24:14**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 30/01/2019 12:24:22**

**María Soraya Salorio Porral na data 30/01/2019 12:24:30**

**Raquel Arias Rodríguez na data 30/01/2019 12:24:37**

**Sandra Vázquez Dominguez na data 30/01/2019 12:24:45**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Marcos Cal Ogando e Paula Quinteiro Araújo**, deputado e deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

Na actualidade, as persoas trans en Galicia teñen que soportar un longo periplo por distintas institucións para, no mellor dos casos, ver recoñecida a súa identidade.

No ámbito sanitario, os colectivos denunciaron en diversas ocasións as trabas para acceder aos tratamentos hormonais. O descoñecemento social sobre a realidade das persoas trans fai que as súas necesidades médicas estean sempre sometidas a un constante cuestionamento e á tutela impropia das democracias do século XXI.

De acordo coas normativas sobre dereitos do paciente, a atención ás persoas trans debe ser de proximidade e non segregadora, pois a transexualidade non é unha patoloxía e non é preciso apartar ás persoas trans a unidades específicas e segregadoras que acrecentan o estigma e a vulnerabilidade.

Tamén o Parlamento europeo vén de emitir as súas resolucións sobre a situación dos dereitos fundamentais na UE onde apuntan a necesidade de que os Estados membros adopten leis e políticas contra a homofobia e a transfobia e lamenta que as persoas transxénero sigan sendo consideradas enfermidades mentais en moitos Estados e pide aos mesmos que revisen as súas clasificacións nacionais dos trastornos mentais e que desenrolen modelos alternativos de acceso exentos de







estigma, garantindo que todas as persoas transxénero poidan acceder ao tratamento médico preciso e pide aos Estados membros que recoñezan o cambio de xénero e faciliten o acceso a procedementos de recoñecemento legal de xénero rápidos, accesibles e transparentes, sen requisitos médicos como a cirurxía, a esterilización e o consentimento psiquiátrico.

En base ao anteriormente dito, faise preciso crear protocolos sanitarios de atención aos pacientes trans, que aclaren os procedementos e despatoloxicen o servizo. Non pode ser que os dereitos das persoas dependan da boa vontade do doutor que lles toque, non pode ser que o acceso a según que tratamentos, como os bloqueadores hormonais en menores, dependan da sorte que teñan de ser dunha provincia ou doutra, é preciso superar o modelo das UTIGs e centrarse nos dereitos das persoas

Polo anterior, preséntanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.<sup>a</sup>) Pensa o Goberno seguir as recomendacións do Informe de 13 de febreiro de 2018 sobre a situación dos dereitos fundamentais na UE ao respecto da despatoloxización da transexualidade?
- 2.<sup>a</sup>) Cree o Goberno que as persoas trans precisan a autorización dunha psiquiatra para poder acceder aos tratamentos médicos de transición?
- 3.<sup>a</sup>) Cree o Goberno que as persoas trans precisan a autorización dunha psiquiatra para poder acceder aos tratamentos médicos de transición e ao recoñecemento legal da súa identidade?





4.<sup>a</sup>) O Goberno vai impulsar protocolos sanitarios de atención aos pacientes trans que aclaren os procedementos e despatoloxicen o servizo?

5.<sup>a</sup>) O Goberno vai facilitar o acceso a procedementos de recoñecemento legal de cambio de xénero rápidos, accesibles e transparentes, sen requisitos médicos como a cirurxía, a esterilización e o consentimento psiquiátrico?

6.<sup>a</sup>) Considera o Goberno que as persoas transxénero deben ser atendidas en centros de saúde segregadores específicos para elas?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Paula Quinteiro Araújo

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Marcos Cal Ogando na data 30/01/2019 13:20:22**

**Paula Quinteiro Araújo na data 30/01/2019 13:20:29**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Quinteiro Araújo e Marcos Cal Ogando**, deputada e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1.<sup>a</sup>**

Á Xunta de Galicia non respectou o dereitos das mulleres, como demostra o feito de que o Tribunal Superior de Xustiza a condenase por vulnerar o dereito á folga das traballadoras durante a xornada histórica do 8 de marzo. Segundo este, o Goberno galego decretou uns servizos mínimos “maliciosos” que lle merecen un “rotundo rexeitamento”. O decreto frustrou o dereito á folga de, polo menos, tres departamentos da Administración autonómica –da Presidencia da Xunta, do centro de emerxencias do 112 e do Parque das Illas Atlánticas– e da CRTVG.

O TSXG concluíu que a Xunta abusou “da súa posición como autoridade gobernativa” ao publicar o decreto o día antes da folga, restrinxindo, desta maneira, o prazo de impugnación dunha maneira inxustificada. O Tribunal mantén que “tal premura impediu un exame en profundidade de todos os servizos afectados”, e non foi consistente nin coa “eficacia” nin coa “boa fe”.

No que atinxe á Presidencia, o Tribunal declara “desproporcionado e inxustificado” que a Xunta establecera un servizo mínimo de 24 horas ao porteiro maior, algo que nin tan sequera se cumpre os domingos. Sobre o 112 mantén que é desmesurado solicitar a presenza do 100% do persoal responsable de recibir as chamadas na central de emerxencias. Por último, acerca do Parque das Illas Atlánticas a sentenza non ve xustificación a presenza dunha guía.





Con isto sobre a mesa, o Tribunal anulou o decreto de servizos mínimos nos tres departamentos máis na CRTVG e impuxo á Xunta o pagamento das costas xudiciais do proceso sen fixar un límite cuantitativo.

Meses despois, volvemos ter un exemplo sobre como empregan a súa posición de maneira partidista.

Apenas un par de días antes do pasado Día contra a Violencia de Xénero, que se celebra o 25 de novembro, informouse ao persoal dos concellos de que non podía participar na iniciativa *En negro contra as violencias machistas*, promovida dende o concello de Santiago de Compostela. Así o denunciaron en Ribadeo, onde unha traballadora do centro de día tivo que desbotar un proxecto transversal contra a violencia de xénero dedicado ás persoas maiores por estar enmarcado no proxecto *En negro*.

Recentemente, o Goberno galego respondeu a estes feitos alegando que non houbera prohibición ningunha, senón unha mera vontade de “lembrar cal era a campaña institucional da Xunta”. Non obstante, tendo en conta os antecedentes, custa crer as súas palabras. Se o Goberno quere resultar crible, ten que acompañar as súas verbas con accións concretas.

A iniciativa *En negro* celébrase xa nun total de 102 concellos –case un terzo do total– que supoñen a metade da poboación do país. Tamén a apoian tres das catro deputacións galegas –todas agás Ourense–. Así, cómpre que a Xunta de Galicia comece a valorar a súa importancia na promoción da igualdade e facilite a súa continuidade e a súa expansión polo resto do territorio.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:



- A Xunta de Galicia vai facilitar que os concellos se sumen á iniciativa *En negro contra as violencias machistas* de realizarse outro ano?
- Valoran apoiar a campaña como xa fan non só os concellos senón tamén tres cuartos das deputacións?
- Cales son os motivos para rexeitar o apoio a esta?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araujo

Marcos Cal Ogando

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Quinteiro Araújo na data 30/01/2019 13:51:57**

**Marcos Cal Ogando na data 30/01/2019 13:52:05**



## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Na I Declaración Universal dos Dereitos do Animal aprobada pola ONU nos anos 80, dise:

1. Son principios xerais o respecto, protección e defensa dos seres vivos que conviven connosco.
2. Esíxese unha postura activa contra o abuso dos animais.
3. Requírese a tenza responsable, de forma que se asuma o coidado dos animais como a contraprestación humana que se lles debe fronte ao afecto ou utilidade que significa o animal para o seu compañeiro ou posuidor.
4. E débese incentivar a necesaria participación da sociedade no seu conxunto, potenciando ás asociacións de protección e defensa dos animais e a difusión dun espírito que contribúa ao fomento do respecto a estes.

Un país pódese xulgar pola forma na que trata aos seus animais, polo que cómpre que nos esforcemos en coñecer e valorar a utilidade social e sanitaria dos nosos animais de compañía, que requiren unha axeitada atención veterinaria para a protección da súa saúde e a das persoas que con eles conviven. Porque menos visitas ao veterinario comportan máis risco para a saúde dos humanos: *“Higia pecoris, salus populi”*, reza o lema de Veterinaria. A propia Oficina Internacional de Epizootías advirte reiteradamente de que as temidas enfermidades emerxentes e reemerxentes son maioritariamente de orixe animal e case todas elas zoonóticas ou compartidas.

En Galicia temos unha Lei de protección e benestar dos animais de compañía, Lei 4/2017, que entrou en vigor o día 4 de xaneiro deste ano 2018, e que na súa disposición final primeira habilita ao Consello da Xunta de Galicia para ditar as disposicións de desenvolvemento da lei no prazo máximo de 12 meses dende a súa entrada en vigor. Estamos case xa a menos dun mes para que transcorran eses 12 meses e nada sabemos do Regulamento de desenvolvemento, o que significa que non hai control nin regulación específica para algunhas cuestións relativas aos centros e clínicas veterinarias, consideradas pola lei núcleos zoolóxicos. Por



exemplo, porque a lei se remite, no seu artigo 15, á vía regulamentaria para determinar os métodos autorizados para a eutanasia animal; porque non recolle a esterilización baixo criterios veterinarios ou porque non se especifica nada sobre a vacinación contra unha das enfermidades animais máis contaxiosas e perigosas, a rabia. Cómpre o desenvolvemento da lei.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Comparte o Goberno galego o lema de Veterinaria, “*Higia pecoris, salus populi*”?
2. Cando ten previsto o Goberno ditar disposicións de desenvolvemento da Lei de protección e benestar dos animais de compañía, Lei 4/2017, do 3 de outubro?
3. Vai abrir o Goberno galego abrir un procedemento aberto e participativo de cara a ese desenvolvemento? Cando?
4. É consciente o Goberno de que a lei se remite á vía regulamentaria para determinar os métodos autorizados para a eutanasia animal?
5. Vai establecer o Goberno a vacinación obrigatoria contra a rabia? Cando?

Pazo do Parlamento, 30 de xaneiro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
Raúl Fernández Fernández  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
María Luisa Pierres López  
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 30/01/2019 09:51:58**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 30/01/2019 16:42:44  
**Nº Rexistro: 44953**  
Data envío: 30/01/2019 16:42:44.783

**Raúl Fernández Fernández na data 30/01/2019 09:52:04**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 30/01/2019 09:52:08**

**María Luisa Pierres López na data 30/01/2019 09:52:13**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)

CSV: BOPGDSPG-Bq8Y-JHofL-3  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández e Julio Torrado Quintela**, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Dende o Grupo Socialista consideramos unha prioridade a posta en marcha dun Plan xeral de reordenación, modernización e mellora da rede de centros de saúde de Atención Primaria, a fin de que este servizo asistencial básico sexa o máis axeitado ás necesidades actuais. Neste marco, Ourense non pode, como ocorreu nas anteriores lexislaturas dos gobernos do PP e a pesares das demandas dos veciños e veciñas de Ourense e de xeito singular dos barrios con maior poboación, quedar atrás na construción dos novos equipamentos sanitarios.

A anterior equipa de Goberno socialista (2007-2015) do Concello de Ourense, xa puxera a dispor da Xunta de Galicia e cedera unha parcela de titularidade municipal no barrio do Vinteún para a nova infraestrutura sanitaria, e fixera ademais un esforzo adicional para a súa explanación e urbanización de xeito previo. Ademais facilitou tamén á Administración autonómica no ano 2010, seis posibles situacións para a construción do novo centro de saúde en Mariñamansa, dando resposta á demanda trasladada polos representantes de 18 asociacións veciñais do sur da cidade na que expoñían que *“o edificio do actual Centro de Saúde de Mariñamansa, co paso do tempo quedou pequeno e non pode albergar novas infraestruturas para facer cirurxía menor, espazos para educación maternal e de fomento do aleitamento natural, etc.”* e demandaban previsión de solo para novas infraestruturas sanitarias.

Pasadas xa máis de dúas lexislaturas dende o inicio do trámites por parte do Concello para poñer a dispor os terreos co único fin de que a Xunta de Galicia, dende o 2009 gobernada polo PP, comprometera e executara as 3 obras para a construción de novos equipamentos sanitarios en O Couto, O Vinteún e Mariñamansa; a día de hoxe, só se acadou a construción do novo centro de saúde para o barrio do Couto, posto en marcha hai pouco máis dun ano, e que se licitou no ano 2012.

O pasado 25 de xaneiro coñeciamos o anuncio da aprobación por parte do Consello da Xunta de Galicia da construción do novo centro de saúde do Vinteún, dentro dun paquete de 25 centros de saúde que a propia Xunta de Galicia promete



construír e reformar en toda Galicia. Oito anos despois sen dar luz verde dende o Goberno galego a esta dotación sanitaria fundamental para Ourense, e a escasos meses da celebración das eleccións municipais, este anuncio do goberno de Feijoo semella soamente publicidade e propaganda.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten previsto a Xunta de Galicia a construción en Ourense de novos centros de saúde nos barrios do Vinteún e de Mariñamansa?
2. Por que demorou o Goberno galego a construción destes centros de saúde?
3. Cal é o calendario que ten previsto a Xunta de Galicia para o inicio, execución, e remate dos novos centros de saúde de Ourense, en concreto dos barrios do Vinteún e de Mariñamansa?
4. Iniciou o Goberno galego os contactos co Concello de Ourense para que no referente a cesión definitiva de terreos, xestión de licenzas, modificacións precisas, etc. se acade que os dous novos centros de saúde de O Vinteún e de Mariñamansa estean rematados o máis axiña posible?
5. Coñece a Xunta de Galicia a intención do Concello de Ourense de ceder terreos para a construción destes dous centros de saúde?
6. En caso afirmativo, cal é a situación exacta deses terreos?

Pazo do Parlamento, 30 de xaneiro de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Raúl Fernández Fernández  
Julio Torrado Quintela  
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 30/01/2019 16:02:16**

**Raúl Fernández Fernández na data 30/01/2019 16:02:22**

**Julio Torrado Quintela na data 30/01/2019 16:02:27**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, sobre as medidas que debe levar a cabo a Xunta de Galiza para a transferencia ao noso país das competencias para a xestión das bolsas de axuda ao estudo.

Recentemente, o Parlamento ten aprobado –a instancias da iniciativa presentada polo Grupo parlamentar do BNG-- un acordo unánime referido ás demandas que debe realizar a Xunta de Galiza ao Goberno español co obxectivo de ampliar o marco competencial do noso país.

De maneira literal, o acordo di o seguinte:

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galiza a demandar do Goberno do Estado a convocatoria da Comisión Mixta de transferencias, co obxecto de levar adiante todas aquelas transferencias xa reclamadas, así como aquelas novas que o Goberno galego considere convenientes contemplando todas aquelas que xa foron transferidas ou se están negociando con outras Comunidades Autónomas."

No ámbito educativo o noso país non conta, até o de agora, coa competencia xestora das bolsas de axuda ao estudo que está a ser exercida polo Ministerio de Educación. Non acontece así en Catalunya a cuxo Govern lle foi transferida.



Cómpre lembrar que o artigo 31 do Estatuto de Galiza (1981) dispón que “é da competencia plena da Comunidade Autónoma galega o regulamento e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme o apartado primeiro do artigo 81 daquela, o desenvolvan, das facultades que lle atribúe ao Estado o número 30 do apartado 1 do artigo 149 da Constitución e da alta inspección precisa para o seu cumprimento e garantía”

Galiza non só é competente e ten capacidade plena para xestionar calquera cuestión que afecte ás nosas vidas, neste caso, as bolsas de axuda ao estudo en todos os niveis, graos, modalidades e especialidades educativas, senón que a transferencia permitiría mellorar este investimento e garantir que se axusten á realidade e situación concreta da nosa poboación e noso territorio.

Así pois, de acordo co acontecido xa en Catalunya, a Xunta de Galiza debe reclamar esta competencia xunto cos recursos económicos necesarios.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

- Vai reclamar a Xunta de Galiza a transferencia das competencias correspondentes á xestión das bolsas de axuda ao estudo?
- En caso negativo, por que non?
- En caso afirmativo, cando e de que maneira?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- Non cre o Goberno galego que contarmos con estas competencias melloraría e garantiría que estes investimentos se axustasen máis e mellor á realidade e situación concreta de Galiza?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 30/01/2019 16:50:39**

**María Montserrat Prado Cores na data 30/01/2019 16:50:44**

**Ana Pontón Mondelo na data 30/01/2019 16:50:46**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 30/01/2019 16:50:47**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Noa Presas Bergantiños na data 30/01/2019 16:50:49**

**Xosé Luis Bará Torres na data 30/01/2019 16:50:50**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Davide Rodríguez Estévez, Antón Sánchez García e Paula Vázquez Verao**, deputados e deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª**, sobre a recuperación, por parte da Consellería de Medio Rural, do servizo de recollida de plásticos agrícolas que se encargaba da xestión dos plásticos procedentes de silos, invernadoiros e hortas.

A cantidade de plástico agrícola (plástico e bolsas de silo, plástico de invernadoiro) que se xera en Galiza ao longo dun ano é de aproximadamente 7.700 toneladas.

A práctica habitual do vertido ou da incineración de xeito incontrolado supón un problema medioambiental, que orixina un deterioro progresivo e acumulativo do contorno, tendo ademais en conta o impacto paisaxístico derivado da proliferación de puntos de abandono destes materiais.

Ante esta problemática, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas puxo en marcha o Programa de Recollida de Plástico Agrícola co obxecto de implantar un sistema de recollida dos plásticos agrícolas, tanto de silo coma de invernadoiro, e facilitarlle aos agricultores e gandeiros a súa xestión axeitada.

Os agricultores e gandeiros deixaban os seus plásticos agrícolas no lugar indicado por cada concello. Unha vez que o punto de acopio estaba cheo, o concello chamaba a empresa de recollida (subvencionada pola Consellería de Medio Rural), e esta procedía a retiralos e á súa posterior reciclaxe.





Este sistema, que evitaba que os plásticos agrícolas acabasen ciscados por leiras ou montes ou queimados de forma incontrolada, non funciona a día de hoxe, o que vemos como unha grave irresponsabilidade da Xunta por cancelar este servizo, o que está xerando un grave problema medioambiental, social e paisaxístico.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1. Cal é o motivo polo que a Consellería deixou de prestar ese servizo?
2. Pensa a Consellería de Medio Rural recuperar o servizo de recollida de plásticos agrícolas, que se encargaba da xestión dos plásticos procedentes de silos, invernadoiros e hortas?
3. Que traballo ten feito a Consellería no que atinxe a campañas de concienciación entre gandeiros e gandeiras e agricultores e agricultoras durante o ano 2018?
4. Ten a Xunta de Galiza estudado a posibilidade de que sexa unha empresa pública a que faga a xestión desta recollida de plásticos?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2019

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Antón Sánchez García

Paula Vázquez Verao

Deputados e deputada do G.P. de En Marea.







**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 30/01/2019 16:53:24**

**Antón Sánchez García na data 30/01/2019 16:53:33**

**Paula Vázquez Verao na data 30/01/2019 16:53:42**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, sobre as accións que debe desenvolver a Xunta de Galiza para catalogar e inventariar o patrimonio cultural das comunidades galegas asentadas fóra de Galiza así como para o difundir e pór en valor.

A Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galegitude establece as actuacións que debe desenvolver a Xunta de Galiza para velar pola conservación do patrimonio da colectividade galega no exterior, así como para o mantemento da memoria histórica dos galegos e das galegas na emigración. Para tal fin fixa unha serie de accións que debe levar a cabo o Goberno galego, entre elas, a catalogación e inventario do patrimonio galego no exterior, especialmente das entidades e centros galegos.

Así o lembrou no seu *Informe sobre os fondos patrimoniais e culturais do Centro Galego de Buenos Aires* o Consello da Cultura Galega:

*De conformidade co previsto neste artigo [artigo 27], a Comunidade Autónoma de Galicia, en colaboración coas comunidades galegas asentadas fóra de Galicia, desenvolverá, entre outras, as seguintes actuacións en defensa e protección do patrimonio cultural galego no exterior:*

1. *A Comunidade Autónoma de Galicia colaborará na preservación e conservación do patrimonio cultural das comunidades galegas asentadas fóra de*





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

*Galicia e velará polo seu destino no caso da disolución destas. Para iso, nos casos en que a normativa o permita, aquel patrimonio cultural e, de forma especial, o documental, sonoro e inmaterial que para a súa preservación deba ser conservado en Galicia será destinado, segundo o caso, ao Arquivo da Emigración Galega e ao Arquivo Sonoro de Galicia, órganos dependentes do Consello da Cultura Galega, que velará pola súa conservación, catalogación e difusión.*

*2. Así mesmo a Xunta de Galicia velará pola conservación do patrimonio da colectividade galega no exterior, así como polo mantemento da memoria histórica dos galegos e das galegas emigrados, mediante, entre outras, as seguintes accións: 1) Catalogación e inventario do patrimonio galego no exterior, especialmente das entidades e centros galegos. 2) Posta en valor do legado da emigración coa declaración de patrimonio cultural de Galicia a aqueles centros e entidades centenarias. 3) Difusión e posta en valor do patrimonio material e inmaterial da emigración galega coa creación dunha rede virtual e con accións de recoñecemento.*

De igual maneira artigo 4 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural, sinala que “a Xunta de Galiza promoverá a salvagarda do patrimonio cultural de Galiza que se atope no exterior, especialmente en Latinoamérica, e alí onde exista unha presenza significativa de comunidades galegas”.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

- Ten catalogado e inventariado a Xunta de Galiza o patrimonio galego no exterior, especialmente das entidades e centros galegos?

- De ser así, pensa publicalo?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- En caso negativo, por que non o ten feito? Non se sente a Xunta de Galiza obrigada a cumprir o disposto na Lei 7/2013?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 30/01/2019 17:50:35**

**María Montserrat Prado Cores na data 30/01/2019 17:50:39**

**Ana Pontón Mondelo na data 30/01/2019 17:50:41**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 30/01/2019 17:50:42**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Noa Presas Bergantiños na data 30/01/2019 17:50:45**

**Xosé Luis Bará Torres na data 30/01/2019 17:50:47**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao, Antón Sánchez García, Julia Torregrosa Sañudo, Marcos Cal Ogando e Luís Villares Naveira**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Comisión 2ª**

Familias da provincia de Pontevedra que presentaron solicitude de axuda para o alugamento de vivenda ao abeiro da Orde do 22 de xuño de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para as axudas ao alugamento de vivenda do Plan estatal de vivenda 2018-2021 e se procede á súa convocatoria para o ano 2018, con carácter plurianual, non reciben resposta á ditas solicitudes logo de 6 meses.

As axudas referidas configúranse mediante dúas liñas, “a) Liña A, axuda ao alugamento de vivenda: a súa finalidade é facilitar o desfrute dunha vivenda en réxime de alugamento a sectores de poboación con escasos medios económicos, mediante a concesión de axudas directas ás persoas inquilinas. b) Liña B, axuda á mocidade para o alugamento de vivenda habitual e permanente: a súa finalidade é facilitar o acceso ao desfrute dunha vivenda digna e adecuada, en réxime de alugamento, a persoas menores de 35 anos con escasos medios económicos, mediante o outorgamento de axudas directas ás persoas inquilinas. É dicir, estamos a falar de persoas con dificultades económicas que lles impiden acceder ao dereito á vivenda.

Logo de pasar medio ano sen resposta, e de ter coñecemento que, supostamente, a Área Provincial do Instituto Galego de Vivenda e Solo de Pontevedra está saturada, por ter recibido, milleiros de solicitudes, estas familias aumentan a súa vulnerabilidade e incertidume. Trátase de persoas, con menores a cargo, que ou





son usuarias de servizos sociais comunitarios ou que van ter que ser remitidas aos mesmos para evitar un desafiuzamento.

O artigo 18 da Orde de axudas indica que “a resolución estimará, desestimaré ou declarará a inadmisión da axuda ao alugamento. A resolución de concesión indicará a contía da axuda, a súa duración, os seus efectos económicos, así como a súa forma de xustificación e o prazo en que deberá solicitarse a súa renovación.” O artigo 16 indica que “se a solicitude presentada non reúne os requisitos exixidos, requirirase a persoa solicitante para que, no prazo de dez (10) días hábiles, a emende ou achegue os documentos preceptivos, advertíndoa de que, no caso de non atender o requirimento, se considerará que desiste da súa petición, de acordo co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.” e que “de conformidade co establecido nos artigos 45 e 46 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, os requirimentos de emenda poderanse facer mediante publicación no Diario Oficial de Galicia (en diante, DOG) e producirán os mesmos efectos que a notificación individualizada. Esta publicación tamén se realizará na páxina web do IGVS.”

O prazo de resolución das solicitudes é de cinco meses e o prazo de solicitudes rematou o 30 de xullo de 2018. O sentido do silencio administrativo é negativo.

Segundo o artigo 31 da Orde, “a concesión das axudas estará supeditada ao efectivo financiamento por parte do Ministerio de Fomento, no marco do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo”. Non obstante, a Xunta cofinancia este tipo de axudas e debe atender a unha necesidade social fundamental.

Non consta que se resolvera a resolución de ditas axudas.

Polo exposto, as deputadas e os deputados que subscriben, formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.<sup>a</sup>:



1. Cantas solicitudes ao abeiro da Orde do 22 de xuño de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para as axudas ao alugamento de vivenda do Plan estatal de vivenda 2018-2021 se presentaron en cada provincia?
2. Non considera a Xunta que a resolución de ditas solicitudes de axuda debería ser expresamente notificada individualizadamente ás persoas afectadas?
3. Non considera maltrato institucional o feito de non notificar a resolución de xeito individualizado?
4. Cando se van resolver ditas axudas?
5. Como se vai abordar a necesidade social de ditas axudas?
6. Como vai reforzar os servizos do IGVS en Pontevedra para atender as solicitudes relativas ao alugueiro de vivenda?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao  
Antón Sánchez García  
Julia Torregrosa Sañudo  
Marcos Cal Ogando  
Luís Villares Naveira  
Deputadas e deputados do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**







**Paula Vázquez Verao na data 30/01/2019 17:50:27**

**Antón Sánchez García na data 30/01/2019 17:50:36**

**Julia Torregrosa Sañudo na data 30/01/2019 17:50:44**

**Marcos Cal Ogando na data 30/01/2019 17:50:53**

**Luis Villares Naveira na data 30/01/2019 17:51:00**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao, Eva Solla Fernández e Luís Villares Naveira**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5.<sup>a</sup>**

Dende a eliminación da capacidade de xestión da área sanitaria de Monforte, que cobre a unhas 40.000 persoas, en 2010, o Hospital Comarcal de Monforte véñese resentindo nos seus servizos.

Pese á propaganda oficial da Xunta, que defendeu que o cambio reforzaría o Hospital, amósase que tiña razón a cidadanía que se mobilizou para defender a Sanidade pública: o Hospital está a sufrir un paulatino deterioro.

Por unha parte, a especialidade de dixestivo conta con só un profesional, estando xa dous anos sen o segundo dixestivo prometido (e necesario). Deste xeito, as listas de agarda para probas ordinarias poden chegar a pasar do ano e medio e con agardas intolerables en probas diagnósticas de tumores. Para poder axilizar colonoscopias cómpre mesmo facer ingresos hospitalarios non necesarios, co conseguinte aumento de prexuízos para a cidadanía e de aumento dos custes. No último concurso de traslados, non se sacou esta praza. Un dixestivo vén dous días á semana ao Hospital dende o HULA, algo claramente insuficiente e que supón reducir efectivos no Hospital de Lugo. Por outra parte, as probas do cribado de cancro de colon derívanse a Lugo.

Ata hai pouco non se recuperou a segunda praza de cardioloxía, pero logo de soportar durante máis de un ano intolerables listas de agarda neste servizo.





Recentemente, o Hospital quedou sen un médico rehabilitador, quedando só cunha praza, algo totalmente insuficiente nunha poboación avellentada.

No ano 2018 unha folga do persoal do Hospital acadou compromisos por parte do SERGAS de reforzar o persoal auxiliar e celador, pero os reforzos de persoal non son suficientes cando hai momentos de sobrecarga asistencial.

Por outra parte, a Subdirección do Hospital modificou unilateralmente carteleiras de servizos como o de partos, eliminando as quendas de 24h. Como consecuencia desta decisión, tres matronas que levaban toda unha vida traballando no Hospital de Monforte, no que esperaban xubilarse, pediron traslado, polo que agora, como non hai matronas e as que se conseguen que veñan son de lonxe, estase a facer de novo carteleira de 24 horas.

Agora están coa posta en marcha do programa de trazabilidade no servizo de esterilización, algo absolutamente necesario para asegurar a calidade na esterilización, pero para poder poñelo en marcha é preciso a contratación de persoal tanto de enfermaría como de auxiliares, pero isto non se contempla no plan do SERGAS, senón que o plan é quitar unha auxiliar de enfermaría de quirófano e unha enfermeira de mañás, cando sexa necesario.

Por outra parte, perdéronse os seguintes servizos e postos de traballo:

- Un perito en mantemento.
- Carpinteiro, que desde que se xubilou o titular se está a cubrir con acumulo de tarefas, pero non se convoca a praza vacante.
- Unha telefonista, que se cubre dende Lugo.
- A cafetería pasou a ser xestionada por unha cadea, en lugar de ser contratada a empresas locais, coa conseguinte perda da subministración na zona.
- Para mantemento e informática, depéndese de Lugo.





Ademais, o xefe de cociña solicita un cociñeiro/a porque co incremento das súas funcións non pode atender a cociña, e a resposta da Dirección é que están a ver a posibilidade de promocionar un pinche, co que o déficit produciríase entre os pinches.

Onde se plasman os compromisos, que é nos Orzamentos, a Xunta non aposta polo Hospital comarcal. Así, nos Orzamentos da Xunta para 2019, quedou só a partida de xenérica de 690.000 € destinada a “actuacións de mellora en hospitais comarcais”, que se corresponde con tres centros hospitalarios, sendo para a provincia de Lugo (e, polo tanto, para o Hospital de Monforte) só 190.026 €, o cal é irrisorio.

Continuamos dende en Marea, sen que se nos faciliten os datos concretos de listas de agarda reais de cada servizo nin o número de derivacións a Lugo e á privada. Tampouco a Xunta aínda nos trasladou o “plan de mellora” que di ter para o noso Hospital, e non entendemos esta falta de transparencia, a non ser que sexa porque dito plan ou non existe ou é un plan de desmantelamento. Se non hai nada que ocultar, que a Xunta responda e traslade listas de agarda, número de derivacións e plan detallado do que quere facer co Hospital nos vindeiros anos.

Polo exposto, as deputadas e o deputado do Grupo Parlamentario de En Marea presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.<sup>a</sup>

- 1.- Cando se vai cubrir a segunda praza de dixestivo no Hospital de Monforte.
2. Cal é o número de derivacións dende o Hospital de Monforte de operacións cirúrxicas ao HULA e á sanidade privada nos últimos anos?
3. Cando se vai repoñer a praza de rehabilitar/a no Hospital de Monforte?
4. A que vai destinar a Xunta o irrisorio orzamento que hai en 2019 para o Hospital de Monforte?





5. Vanse repoñer os postos de traballo perdidos no Hospital de Monforte?
6. Considera a Xunta que o persoal é suficiente nos momentos de sobrecarga asistencial?
7. Cando vai a Xunta fornecer os datos reais de lista de agarda por servizo?
8. Cando vai a Xunta amosar o seu suposto “Plan de mellora” para o Hospital de Monforte?

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao  
Eva Solla Fernández  
Luís Villares Naveira  
Deputadas e deputado do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 29/01/2019 20:34:26**

**Eva Solla Fernández na data 29/01/2019 20:34:36**

**Luis Villares Naveira na data 29/01/2019 20:34:42**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao, Eva Solla Fernández e Luís Villares Naveira,** deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5.<sup>a</sup>**

O distrito sanitario de Monforte de Lemos conta coas seguintes dotacións do 061: unha ambulancia de soporte vital básico en Monforte, que atende os concellos de Lemos, unha con base en Chantada, para a área de Saviñao, Chantada e Carballedo, e outra con base en Quiroga, que leva Quiroga, Ribas de Sil e O Courel. É dicir: só hai tres ambulancias do 061 operativas en cada quenda para todo o sur de Lugo.

Ata 2015 a base de Chantada contaba cunha ambulancia suplementaria en caso de urxencias simultáneas.

En total hai 20 persoas traballando nas tres bases do 061.

Cómpre engadir que dende o último contrato de concesión deste servizo, hai problemas.

No sur pasouse dunha xestión por parte de empresas locais das bases de Chantada e Quiroga, á adxudicación do servizo en bloque para todo o sur de Lugo, conseguido por Salutrans, sendo exemplo do modelo mercantilista polo que aposta a Xunta de Galicia ante un servizo básico como é o das ambulancias.

Dende o inicio do último contrato xa se evidenciou que se presentaran ofertas á baixa e reportáronse incumprimentos e rebaixa da calidade do servizo, con recortes de condicións laborais do persoal; asemade, a adxudicación en si mesma era levada ao xulgado por suposta prevaricación, provocando que co inicio desta investigación a policía xudicial solicitase informes periciais que desvelaban que





as ambulancias non cumprían coa normativa vixente en materia de seguridade, en cuestións como o exceso de peso ou a falta de rodas de reposto. Non faltos de problemas no servizo, antes de rematar o ano a propia Federación Galega de Empresarios de Ambulancias ven de solicitar á Fundación do 061 a resolución do contrato.

As ambulancias para traslados por parte do Hospital de Monforte son tres básicas en días laborables e unha UVI móbil, quedando en unha básica e unha UVI móbil na fin de semana.

Recentemente, un novo incidente sanitario na cidade do Cabe amosou a insuficiente dotación de ambulancias do 061. O 24 de xaneiro, a mediodía, unha persoa que circulaba nun vehículo sufriu convulsións na rúa de Chantada, á altura do cruce coa rúa de Ourense, sendo asistido por persoas na rúa – entre as cales se atopaba persoal sanitario fóra de servizo – que avisaron ao 061. Ao non estar nese momento operativa a ambulancia da base de Monforte, que se dirixía a Ourense cun servizo, e dado que a da base de Chantada estaba de volta de outro dende o HULA, o centro de coordinación enviou unha ambulancia de Ourense, que se atopaba próxima a Monforte. Testemuñas do suceso refiren que tardou media hora. En declaracións á prensa, o SERGAS sinalou que o tempo de atención fora menor, en torno aos quince minutos.

Ao haber só 3 ambulancias do 061 de soporte vital básico operativas en cada momento en toda a zona, con base en Quiroga, Chantada e Monforte, cando unha delas está nun servizo, envíase outra doutra base a atender outro servizo, se se precisa, co cal unha das zonas queda sen cobertura rápida.

Neste momento, o persoal telefónico do 061 ten un calendario de folga e durante 2018 mobilizouse o persoal condutor de ambulancias.





É unha reivindicación esencial dos e das técnicas do 061 do distrito sanitario de Monforte a necesidade dunha nova ambulancia asistencial para Monforte, de xeito que en cada quenda haxa catro ambulancias operativas.

Por outra parte, o distrito sanitario de Monforte non conta con ambulancia medicalizada.

Polo exposto, as deputadas e o deputado que subscriben, formulan a seguinte Pregunta:

- 1.- É coñecedora a Xunta de situación do 061 no sur de Lugo?
- 2.- Canto tempo tardou a ambulancia en chegar ao lugar da emerxencia dende a primeira chamada de aviso?
- 3.- A que hora chegou a persoa atendida ao Hospital de Monforte?
- 4.- Coñece a Xunta as reivindicacións do persoal técnico do 061 do distrito sanitario de Monforte?
- 5.- Considera suficiente a Xunta a dotación do distrito sanitario de Monforte con só tres ambulancias do 061 para cada quenda?
- 6.- Vai a Xunta dotar a Monforte dunha nova ambulancia asistencial do 061?
- 7.- Que opina a Xunta sobre a falta de ambulancia medicalizada no sur de Lugo?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao  
Eva Solla Fernández  
Luís Villares Naveira  
Deputadas e deputado do G.P. de En Marea







**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 30/01/2019 18:36:49**

**Eva Solla Fernández na data 30/01/2019 18:36:58**

**Luis Villares Naveira na data 30/01/2019 18:37:05**



## Mesa do Parlamento

**Concepción Burgo López e Luis Álvarez Martínez,** deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.<sup>a</sup>, Educación e Cultura.**

O último “Barómetro de hábitos de lectura y compra de libros 2018”, elaborado pola Federación de Gremios de Editores de España, reflicte unha realidade preocupante nos hábitos de lectura dos galegos e galegas.

O Barómetro segue demostrando que Galicia está por debaixo da media estatal en todas as realidades medibles en torno ao libro. Así non chega a media estatal no porcentaxe de lectores de libros en tempo libre (61,8 % media estatal 59,6 % en Galicia), situándose entre as últimas comunidades autónomas, de feito Galicia está a mais de 10 puntos da comunidade con maior índice de lectores. O meso sucede no porcentaxe de persoas que compararon libros no último ano, onde tamén estamos por debaixo da media española (50 % fronte a 48,5 %)

Hai outros datos moi preocupantes como é a valoración das bibliotecas xa que Galicia se sitúa no penúltimo lugar de todas as autonomías, resultado da política de recortes orzamentarios e a inexistencia de accións positivas realizados por este Goberno en torno as bibliotecas.

Pero hai outro dato francamente preocupante neste barómetro. Tan só o 4 % dos enquisados en Galicia manifestan que o seu idioma preferido de lectura é o galego, fronte ao catalán nun 34,9 % e incluso un 5,4 % en euskera. e se medimos o uso do noso idioma entre todos os enquisados, o galego é lido polo 3,5 % e por riba esta taxa vai diminuindo porque en 2010 este dato era do 4,4 %. De novo atopámonos ca realidade do descenso do uso do galego tanto falado como escrito e tamén lido.

A Asociación Galega de Editoras xa manifestou a súa preocupación polos datos do Barómetro de 2018 e pediu políticas efectivas que podan cambiar esta situación.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:



- 1.ª) Que valoración fai a Consellería de Cultura e Turismo dos datos do “ Barómetro de hábitos de lectura y compra de libros 2018” referidos a Galicia?
- 2.ª) Como valora que Galicia ocupe os últimos postos entre as Comunidades Autónomas en porcentaxe de lectores e lectoras?
- 3.ª) Que valoración fai do escaso número de galegos e galegas que lee na nosa lingua?
- 4.ª) Que medidas vai tomar a Consellería de Cultura e Turismo para revertir esta situación e impulsar a lectura en xeral e en lingua galega en particular entre a cidadanía de noso país?

Pazo do Parlamento, 30 de xaneiro de 2019

Asdo.: Concepción Burgo López  
Luis Manuel Álvarez Martínez  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 30/01/2019 19:04:24**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 30/01/2019 19:04:34**



## Mesa do Parlamento

**Concepción Burgo López, Xoaquín Fernández Leiceaga e Luis Álvarez Martínez,** deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.ª, Educación e Cultura.**

En datas recentes coñecemos que a Universidade de Santiago de Compostela está a revisar o proxecto de construción do edificio denominado “Complejo Dotacional de Edificios de Ciencia da Saúde” que albergaría os estudos de Medicina e Odontoloxía. A USC considera que, cos novos estudos realizados pola oficina de infraestruturas da dita universidade, o proxecto duplicaría o seu custo, chegando aos 60 millóns de euros e que non se podería rematar antes de 12 o 15 anos dada a limitada capacidade financeira da institución académica.

Ante esta situación, a USC acaba de solicitar unha reunión ca Xunta de Galicia para abordar conxuntamente o desenvolvemento deste proxecto, xa que o goberno galego comprometeuse a sufragar unha parte das obras, con un aporte duns 22 millóns.

Polo exposto, a deputada e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

Ten a Xunta de Galicia a vontade política de chegar a un acordo ca Universidade de Santiago de Compostela para investir a achega económica comprometida para a construción dun novo edificio no mantemento e mellora das infraestruturas da área de coñecemento de Ciencias da Saúde da Universidade de Santiago, xa que non parece que o citado proxecto poda ser realizado nun futuro próximo?

Asdo.: Concepción Burgo López  
Xoaquín Fernández Leiceaga  
Luis Manuel Álvarez Martínez  
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





**Maria de la Concepción Burgo López na data 30/01/2019 19:03:53**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 30/01/2019 19:04:02**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 30/01/2019 19:04:12**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García**, deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.<sup>a</sup>**.

Galicia afronta un serio problema coa auga. Consume máis que o resto do Estado -138 litros ao día, dous máis que a media do territorio español- e perde unha cantidade maior. Dos 258,6 millóns de metros cúbicos de auga que se distribuíron no ano 2016, extraviáronse 70,77 por fugas ou avarías, unha cantidade que equivale á necesaria para abastecer durante un mes a tódolos fogares de Cataluña e Madrid, ou durante un ano aos habitantes de Estremadura, segundo os datos do último informe do Instituto Nacional de Estatística sobre o subministro e o saneamento da auga. Isto supón que Galicia perde o 27,3% da auga, unha porcentaxe que supera en case dous puntos a media actual do Estado e en once puntos a que tiña a propia comunidade fai dous anos.

A pésima xestión da auga en Galicia reviste especial gravidade nun momento como o actual, no que as secas se converteron nunha ameaza recorrente. A seca que padecemos o ano pasado non foi un fenómeno puntual e extraordinario, senón o síntoma dun cambio climático que se está a producir en todo o planeta. Nesta liña manifestouse o Consello Económico e Social, que no seu recente informe de 2017 “insta a impulsar plans que melloren a xestión e o uso da auga, clarifiquen competencias e ordenen as competencias administrativas no uso deste ben público”.





Augas de Galicia tería que tomar a iniciativa nesta cuestión, xa que é o ente público ao que lle corresponde garantir a utilización sustentable e racional da auga; garantir a eficacia na prestación de servizos públicos de abastecemento, saneamento e depuración; e reducir a contaminación causada polas verteduras; etcétera. Porén, a xulgar polos datos que temos sobre a mesa, é obvio que non está facendo correctamente o seu traballo.

A falta de auga ten efectos funestos tanto a curto como a longo prazo, xa que, entre outras cousas, prexudica enormemente ao sector primario, que tanto peso ten no conxunto do tecido produtivo galego. Así, a xestión dos recursos hídricos tería que ser unha das prioridades do Goberno galego, non só por razóns de urxencia medioambiental, senón tamén por motivos económicos.

Por todo o exposto, preséntanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- Que avaliación fai a Xunta de Galicia dos datos que arroxa o último informe do Instituto Nacional de Estatística sobre o subministro e o saneamento da auga? Como explica que Galicia pasara de perder pouco máis do 16% da auga a perder o 27,3% en tan só dous anos? Cre que Augas de Galicia está xestionando correctamente a auga? Se é así, como explica os datos do informe? Quen é o responsable de que empeorase a xestión da auga?





- Que medidas se van poñer en marcha dende a Xunta de Galicia para xestionar de maneira responsable os recursos hídricos?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sanchez García

Deputados do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Marcos Cal Ogando na data 30/01/2019 19:23:57**

**Antón Sánchez García na data 30/01/2019 19:24:06**





## Á Mesa do Parlamento

**Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez**, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Galicia vén experimentando nos últimos anos un constante incremento da actividade comercial e na recepción de tránsitos náuticos, especialmente despois de uns anos complicados con motivo da crise económica.

Sabemos que a xestión do ente público Portos de Galicia durante os últimos exercicios sufriu unha importante transformación buscando a compatibilidade entre a necesaria rendibilidade económica do organismo e a atención de calidade ás necesidades do sector marítimo portuario.

No que respecta aos tránsitos náuticos, todo parece indicar que continúan crescendo, e cada vez son máis os veleiros e outro tipo de embarcacións deportivas que escollen os portos galegos para os seus tránsitos nas súas travesías.

Estamos a falar dun turismo do que ás veces non se fala, ou non se lle da a importancia que realmente ten, pero constitúen un aliciente máis ao turismo das zonas costeiras e contribúen ao crecemento económico local.

Por todo o sinalado anteriormente, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta:

-Que balance fai Portos de Galicia da evolución do número de tránsitos de embarcacións de lecer nos portos náuticos e deportivos de titularidade autonómica?

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

**Teresa Egerique Mosquera na data 31/01/2019 11:06:44**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



**María Ángeles Garcia Míguez na data 31/01/2019 11:06:56**

**Martín Fernández Prado na data 31/01/2019 11:07:07**

**Alberto Pazos Couñago na data 31/01/2019 11:07:24**

**Marta Rodriguez Arias na data 31/01/2019 11:07:37**

**María Soraya Salorio Porral na data 31/01/2019 11:07:46**

**Daniel Vega Pérez na data 31/01/2019 11:07:54**



## Á Mesa do Parlamento

**Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez**, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Tal e como xa manifestamos nesta Cámara en varias ocasións, o proceso do BREXIT traía como consecuencia a supresión da encomenda ao CEFAS para ser o Laboratorio Comunitario de Referencia para o seguimento dos contaminantes virais e bacteriolóxicos dos moluscos bivalvos.

Galicia viu unha oportunidade neste asunto a raíz do primeiro dos informes sobre o Brexit encargados en 2016 pola Consellería do Mar. Desde o primeiro minuto puxémonos mans á obra para intentar que as competencias sobre ese control dos moluscos bivalvos, ata o de agora no Reino Unido, viñeran para a nosa comunidade, establecendo contactos co Goberno central e en encontros en Bruxelas.

Aínda que Galicia se ofreceu para albergar todas as competencias que o CEFAS tiña encomendadas e de que non vía con bos ollos o desmembramento das mesmas en varios laboratorios, si que recoñeceu a importancia de que a nosa Comunidade Autónoma acollese a parte fundamental destas tarefas ao pasar a verificar o control e clasificación das zonas de produción para toda a UE.

Nese senso, o exdirector da DG Sante comunicoulle á titular de Mar que non existía impedimento para que o Laboratorio de Referencia de Vigo puidese establecer un protocolo de traballo conxunto co Intecmar, pertencente á Xunta de Galicia, para que este centro apoiase e asumise tarefas que viña realizando o laboratorio vigués.

Con todo, esta situación foi obxecto de críticas e mofas no Parlamento de Galicia por parte dos grupos da oposición, especialmente do PSdG-PSOE, polo que a este Grupo Parlamentario lle parece un verdadeiro despropósito e un acto de incoherencia política o anuncio feito pola ministra de Sanidad en Vigo durante unha visita a este laboratorio o pasado 28 de xaneiro.

Choca un pouco que a ministra socialista veña a Galicia a anunciar algo que xa sabíamos, pero o máis incoherente é que a propia titular de Sanidad faga virtude do que o seu propio partido en Galicia tanto criticou, en moitas ocasións con acusacións rotundamente falsas.



En resumo, nada novo ao que xa coñecíamos. De feito, foi o Grupo Parlamentario Popular o que prestou apoio a un acordo parlamentario polo cal se instaba ao Goberno central a dar continuidade á tramitación do protocolo entre o Estado e a Xunta para colaborar no control das zonas de produción de moluscos bivalvos, cuestión que non se tivo en conta.

Por todo o anterior, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguintes preguntas orais en comisión:

-Que valoración fai o Goberno galego da visita realizada a Vigo pola ministra de Sanidad o pasado 28 de xaneiro?

-Recibiu invitación oficial algunha, tendo en conta que as competencias en materia de control de biotoxinas mariñas dependen da Consellería do Mar?

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

**Teresa Egerique Mosquera na data 31/01/2019 11:16:04**

**María Ángeles Garcia Míguez na data 31/01/2019 11:16:15**

**Martín Fernández Prado na data 31/01/2019 11:16:22**

**Alberto Pazos Couñago na data 31/01/2019 11:16:41**

**Marta Rodriguez Arias na data 31/01/2019 11:16:52**

**María Soraya Salorio Porral na data 31/01/2019 11:17:06**

**Daniel Vega Pérez na data 31/01/2019 11:17:14**



## Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez, María Concepción Burgo López e Abel Fermín Losada Álvarez, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

Segundo se publica na páxina *web* da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, o día 16 de xaneiro de 2019 a Sra. Conselleira visitou o concello de Mos para comprobar as obras que se levaron a cabo no CEIP Pena de Francia, no que se investiron 377.000 € en diversas obras.

O día 24 de xaneiro de 2019, o Partido Popular no concello de Mos publica na rede social Facebook (<https://www.facebook.com/781241525328488/posts/1988732631246032/>) o seguinte contido:

- Educación iniciará este ano no Colexio de Atín obras para mellorar o illamento térmico do centro.

-Renovarase a carpintería exterior, repararanse os linteis e farase a terminación de falsos teitos.

A alcaldesa de Mos, Nidia Arévalo, e o concelleiro de Educación mosense, Camilo Augusto, reuníronse coa conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional, Carmen Pomar, para abordar diferentes obras de mellora nos centros de Educación Infantil e Primaria da localidade.

A necesidade prioritaria que os representantes municipais, Arévalo e Augusto, lle trasladaron a Pomar foi a renovación da carpintería exterior metálica (portas e ventás) no CEIP de Atín, así como o arranxo de linteis e terminación de falsos teitos neste mesmo colexio.

Segundo informaron hoxe a rexedora local e o edil de Educación, “desde a Consellería asumíuse a este respecto o compromiso firme de realizar estes traballos, que serán iniciados durante o presente ano 2019”.

As obras a acometer no Colexio de Atín reverterán nunha importante optimización do illamento térmico das instalacións do centro educativo coa conseguinte mellora da eficiencia enerxética e aforro en gastos de climatización. Ante esta situación os deputados e a deputada que asinan preguntan:



Asume a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional o compromiso firme de levar a cabo as obras anunciadas polo Partido Popular de Mos e o seu inicio no ano 2019?

Pazo do Parlamento, 31 de xaneiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 31/01/2019 13:32:12**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 31/01/2019 13:32:19**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 31/01/2019 13:32:30**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa ás actuacións a realizar diante das graves irregularidades na convocatoria na praza de xefe/a de Servizo de Cirurxía Cardiovascular da EOXI de Santiago.

O DOG do 5 de outubro do 2018 publicaba o anuncio do 20 de setembro polo que a Xerencia da EOXI de Santiago de Compostela convocaba, mediante o procedemento de avaliación colexiada, a provisión do posto de xefe/a do Servizo de Cirurxía Cardiovascular.

O anuncio establece que as bases íntegras da convocatoria estarán expostas nos taboleiros de anuncios dos centros dependentes da Xerencia de Xestión Integrada de Santiago, nos puntos de atención ao traballador(PAT) da Dirección de Recursos Humanos, na intranet da Xerencia, así como na páxina web do Sergas.

Estas bases establecen que dentro da documentación que deben achegar coa solicitude as persoas que queiran presentarse á convocatoria está o *Proxecto técnico relacionado coa xestión do servizo, que conterá un programa de obxectivos do mesmo, cuantitativos e cualitativos en relación cos obxectivos fixados polo órgano convocante, e que se recollen como Anexo I da presente resolución.*





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Ao ir a consultar o Anexo I a sorpresa é maiúscula ao atoparse na vez de con os requisitos, obxectivos, perspectiva... que deba conter o Proxecto técnico, o que contén o Anexo I é directamente un proxecto escrito en moitos apartados en primeira persoa, con nome dun profesional e os seus méritos, profesional, que logo se presenta á praza.

Estas bases están colgadas durante días, até que se descubre tamaño escándalo, momento no que fan unha “subsanción de erros” sen publicar no DOG, finalmente fan unha corrección, que se publica no DOG do 22 de outubro, que en realidade é unha substitución total do anexo I.

Encontrámonos polo tanto con que o que tiñan que ser unhas bases para elaborar un proxecto para competir libremente por unha praza de xefe/a de servizo: Están escritas en primeira persoa, aparece o nome dun profesional que se presenta á praza, realízase unha primeira corrección de erros sen publicar no DOG, realízase unha segunda corrección de erros, esta xa si publicada do DOG, na que só consta a versión corrixida, non se mantén a versión orixinal, consistente na substitución total do Anexo I

O BNG denuncia este escándalo, e demanda explicacións ao Goberno galego. Non podemos aceptar que o PP normalice este xeito mafioso de nomeamentos, non pode actuar na administración pública como si fora a súa leira particular.

Débense asumir responsabilidades, a Xerente da EOXI de Santiago de Compostela como persoa responsábel desta convocatoria que publica as bases para unha praza na que aparece o nome e méritos dunha das persoas que logo se presenta á praza, e fai unha subsanción de erros tentando non deixar rastro, ten que dimitir.







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por estas razóns fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

-Non lle parece que colgar as bases dunha convocatoria de xefe/a de servizo co nome e méritos dunha persoa que logo se presenta á mesma, é ir demasiado lonxe na súa práctica de colocación de cargos a dedo para controlar a sanidade pública?

-Vai cesar á Xerente da EOXI de Santiago de Compostela, Eloína Núñez Masid, como responsábel desta convocatoria fraudulenta?

-Vai rematar coa práctica de facer nomeamentos a dedo de cargos de responsabilidade disfrazados de seudo convocatorias públicas?

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**María Montserrat Prado Cores na data 31/01/2019 13:35:24**

**Ana Pontón Mondelo na data 31/01/2019 13:35:28**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 31/01/2019 13:35:30**

**Olalla Rodil Fernández na data 31/01/2019 13:35:32**

**Noa Presas Bergantiños na data 31/01/2019 13:35:33**

**Xosé Luis Bará Torres na data 31/01/2019 13:35:34**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Quinteiro Araujo, Eva Solla Fernández, Flora Miranda Pena e Paula Vázquez Verao**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na **Comisión 5.<sup>a</sup>**

Queda moito por avanzar para que se respecten os dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres no noso País de maneira integral.

A planificación e a xestión do sistema sanitario e a investigación non poden darse dende unha mirada androcéntrica, senón que é necesario incluír a perspectiva de xénero de maneira transversal.

Neste sentido, compre mellorar a investigación nos campos que nos permitan coñecer os posibles signos e síntomas que se dan de maneira diferente nas enfermidades comúns entre homes e mulleres, ou en canto as diferenzas das respostas farmacolóxicas. Tamén é importante mellorar tanto a investigación como a propia atención das enfermidades que afectan de maneira maioritaria ou en exclusiva ás mulleres, ou a atención durante o parto e o puerperio.

Por outra banda, as políticas públicas en materias de contracepción e información sobre enfermidades de transmisión sexual son totalmente insuficientes e non dan resposta as necesidades reais que existen.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes Preguntas:

1) Que medidas esta levando adiante a consellería para dar cumprimento ao Plan Integral de asistencia ás mulleres?





- 2) Cales foron os recursos e mecanismos dos que se dotou ao SERGAS para poñer en marcha dito Plan?
- 3) Que políticas está levando adiante en materia de contracepción e prevención de transmisións de enfermidades sexuais?
- 4) De que maneira apoia a Xunta de Galicia a investigación específica no ámbito da sanidade feita dende a perspectiva de xénero?
- 5) Ten informes a Consellería acerca da aplicación do Plan de parto e nacemento?
- 6) Que medidas está pondo en marcha para que se garanta o dereito á interrupción voluntaria do embarazo na sanidade pública e sen desequilibrios territoriais?

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araujo  
Eva Solla Fernández  
Flora Miranda Pena  
Paula Vázquez Verao  
Deputadas do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Quinteiro Araújo na data 31/01/2019 13:44:52**

**Eva Solla Fernández na data 31/01/2019 13:44:59**

**Flora María Miranda Pena na data 31/01/2019 13:45:07**

**Paula Vázquez Verao na data 31/01/2019 13:45:14**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García**, deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.<sup>a</sup>**.

O presidente da Xunta de Galicia, vén de reunirse cos presidentes de Castela León e Asturias co obxectivo de denunciar a marxinalidade que sofre o noroeste peninsular con respecto ao Eixo Mediterráneo e a Madrid en materia ferroviaria. En concreto veñen de reclamar máis de 3.000 millóns de euros para a conexión do noroeste peninsular co Eixo Atlántico.

Resulta fundamental destacar que o Ministerio de Fomento non incluíu o Corredor Atlántico ata xaneiro de 2018 entre as prioridades estratéxicas ferroviarias e, ademais, cómpre destacar que esta inclusión non se realizou por iniciativa propia do Ministerio, senón que foi forzada pola presión que exerceron dende Galicia os sectores económicos e sociais, con posicionamentos que impulsou o Grupo Parlamentario de En Marea.

Unha das infraestruturas clave do noroeste peninsular e que afecta concretamente a Galicia é a saída sur de Vigo, a cal é fundamental para mellorar significativamente a conexión entre Vigo e Porto e que supón reforzar unha das áreas económicas máis importantes da Península Ibérica.

O punto clave é que esta infraestrutura pode estar subvencionada ata un 50% por parte da Comisión Europea, incluso sen a necesidade de que dita infraestrutura se contemple no Corredor Atlántico. Deste feito, dun custo estimado de 200 millóns





de euros o Goberno central tería que facer fronte como máximo a un total de 50 millóns que, dividido nun período de catro anos, supón unha cantidade ridícula de investimento para o Ministerio de Fomento.

Mais para o desenvolvemento do trazado cómpre que o Ministerio de Fomento realice o estudo técnico correspondente, polo que máis alá de encontros propagandísticos do Presidente da Xunta de Galicia, cómpre que en tanto que dirixente do Goberno autonómico habilite as canles formais oportunas para a materialización do que ata agora só foi un anuncio mediático.

Transcorrido un tempo prudencial do anuncio propagandístico feito polo Presidente da Xunta con cartos públicos, non se adoptaron decisións por parte do Goberno tendentes a empregar as súas competencias para instar ao Goberno do Estado a continuar cos trámites precisos, o que evidencia a falta de vontade política de facer valer a súa posición institucional en defensa dunhas infraestruturas necesarias para o noso país.

Por esta razón, preséntanse as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.<sup>a</sup>) Que ten feito a Xunta de Galicia para avanzar no cumprimento do acordo parlamentario?
- 2.<sup>a</sup>) Que avances se teñen producido?
- 3.<sup>a</sup>) Conta a Xunta de Galicia con informes propios sobre esta cuestión?

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2019.

Asdo: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García





Deputados do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Marcos Cal Ogando na data 31/01/2019 13:57:44**

**Antón Sánchez García na data 31/01/2019 13:57:55**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García**, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.<sup>a</sup>**.

O mércores 7 de marzo de 2018 publicouse no Diario Oficial de Galicia a convocatoria de catro prazas de promoción interna e cinco de acceso libre para a especialidade de enxeñería de camiños, canais e portos, e outras dúas de promoción interna e tres de acceso libre para a especialidade de enxeñaría técnica de obras públicas. A pesar da relevancia que teñen no noso país as cuestións relacionadas cos ferrocarrís, a citada relación de postos de traballo non solicitaba ningunha persoa experta en materia ferroviaria, algo inexplicable, xa que na actualidade a Xunta carece de persoal con formación específica nese eido. Así é que cando o Goberno galego quere fiscalizar as actuacións de Fomento que atinxen ao tráfico ferroviario ten que recorrer a informes técnicos alleos; informes que logo a Xunta non é quen de avaliar de xeito independente.

A ausencia de técnicos expertos en materia ferroviaria é moi grave na medida na que afecta a temas tan sensibles para Galicia como é a inclusión no Corredor Atlántico, o tráfico de mercadorías e a conexión dos distintos puntos do noso territorio, pero, sobre todo, na medida na que dificulta a fiscalización da seguridade ferroviaria.

A Comisión Europea abriu un expediente a España por considerar que os seus procedementos de control da seguridade ferroviaria “non cumpren os requisitos” que demanda a normativa comunitaria. Parécelle que hai “deficiencias” na forma







en que a Comisión de Investigación de Accidentes Ferroviarios (CIAF) “analiza e investiga os accidentes e incidentes” e ve problemas nas “técnicas de supervisión” por parte da Axencia Estatal de Seguridade Ferroviaria (AESF). Agora, o Goberno do Estado ten que responder a Bruxelas no prazo de dous meses para aclarar a situación.

Aínda que a mensaxe da Comisión Europea vai dirixida a España, Galicia debería tomar nota e actuar en consecuencia. A seguridade ferroviaria ten que ser un obxectivo de todas as administracións, tamén das autonómicas. Non é admisible que ante a indiferenza prolongada do Goberno do Estado –Goberno do PP durante anos– Galicia permaneza calada e inactiva, como se o tema non tivera importancia dabondo. Galicia ten que pronunciarse e ten que facelo con coñecemento de causa, co aval do persoal técnico que sexa preciso.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- Que avaliación fai a Xunta de Galicia do expediente que a Comisión Europea lle abriu a España? Parécelles xustifico?
- Por que o Goberno de Mariano Rajoy, durante o seu mandato, non fixo nada para evitar que se chegara a unha situación como a actual en materia de seguridade ferroviaria?
- Que responsabilidade ten no acontecido?





- Con que expertos en materia ferroviaria conta a Xunta de Galicia?

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Marcos Cal Ogando na data 31/01/2019 14:19:41**

**Antón Sánchez García na data 31/01/2019 14:19:50**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García**, deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.<sup>a</sup>**.

A conexión de Galicia co denominado Corredor Atlántico resulta unha peza fundamental para o desenvolvemento económico do territorio. Sen esta conexión Galicia corre o risco de quedarse completamente descolgada das novas infraestruturas ferroviarias europeas, concretamente no transporte ferroviario de mercadorías, o que supón afondar no desequilibrio territorial que se da historicamente entre o Eixo Mediterráneo e o Eixo Atlántico e por ende, na denominada *España baleira*.

Pero o desenvolvemento desta infraestrutura leva implícito o compromiso ineludible por parte da Xunta de Galicia da construción dunha serie de infraestruturas necesarias para a viabilidade da conexión de Galicia co Corredor Atlántico.

Unha desas infraestruturas resulta ser a construción do Porto Seco de Monforte, infraestrutura que ten como obxectivo a de almacenar temporalmente calquera tipo de mercadoría por calquera modo de transporte de superficie non costeiro e que ademais teña a capacidade de efectuar controis aduaneiros que permitan a estas mercadorías continuar o seu tránsito, terminar a viaxe e ser empregadas localmente, ser despachadas para exportación ou ser reexportadas segundo sexa o caso.





Mais tal e como sinalan diferentes Organismos Públicos en Galicia, como o Eixo Atlántico, a creación de dita infraestrutura por parte da Xunta leva anos estancada e obsérvase unha falta clara de compromiso pola finalización da mesma. Deste xeito no ano 2018 realizáronse unhas previsión de gasto de 750 mil euros, mesma cantidade que tamén se destina nos orzamentos do ano 2019, que ademais obedece ao feito de que non foi executada a partida do ano anterior. O feito é que dita cantidade resulta claramente insuficiente para executar a infraestrutura que, ademais, ano tras ano, termina por non ser executada.

Polo exposto anteriormente, os deputados que subscriben presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.<sup>a</sup>) Por que non se executaron os orzamentos previstos para esta infraestrutura?
- 2.<sup>a</sup>) Vanse executar os orzamentos previstos para este ano?
- 3.<sup>a</sup>) Cando ten previsto a Xunta de Galicia ter esta infraestrutura rematada?
- 4.<sup>a</sup>) Conta a Xunta de Galicia con informes propios sobre a situación das mercadorías na rede ferroviaria?

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.





**Asinado dixitalmente por:**

**Marcos Cal Ogando na data 31/01/2019 15:41:22**

**Antón Sánchez García na data 31/01/2019 15:41:33**



## Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

Acaban de publicarse os últimos datos da Enquisa de Poboación Activa (EPA). De acordo con estes, no último trimestre do ano 2018, había un total de 15.700 persoas ocupadas na pesca, 12.200 homes e 3.600 mulleres. Como se aprecia nos datos, a redución resulta especialmente preocupante no caso das mulleres, xa que nun período de menos de 10 anos, reduciuse en torno a 2 de cada 5 mulleres.

Resultan ademais especialmente preocupantes as conclusións derivadas da análise por idades, da que se pode apreciar que a maior redución dáse entre a franxa de idade de 25 a 44 anos. Así no ano 2009 había 11.600 persoas ocupadas nese colectivo, e no ano 2018, unicamente quedan 6.300. Supón practicamente a metade.

O programa de orzamentos destinado ao relevo xeracional é o 723 A denominado “Competitividade e mellora da calidade da produción pesqueira e da acuicultura”, e tivo unha execución orzamentaria no ano 2017 dun 37 %, quedando, polo tanto, 6 euros de cada 10 sen executar. Este programa comprende partidas que viron reducidas considerablemente as súas dotacións orzamentarias no ano 2019.

NOME	2019	2017
Axuda a persoas mozas pescadoras	400.000 € (- 20 %)	500.000
Formación para menores de 30 anos	150.000 € (- 81 %)	800.000
Investimentos a bordo	100.000 (-93 %)	1.300.000
Saúde e seguridade	326.000 (-64 %)	900.000

A esta redución hai que lle engadir que os orzamentos da partida destinada ás axudas de persoas mozas pescadores, no ano 2018 foron transferidos na súa totalidade do programa 723 A, cara ao programa 723B de “medidas de comercialización”. De acordo co expediente indícase que:



“A modificación solicitada non altera a consecución dos obxectivos previstos nos programas”. É inevitable preguntarse cales son os obxectivos reais da Xunta de Galicia.

En canto ao número de afiliados e afiliadas, no ano 2009 había 24.630 persoas afiliadas, e no ano 2018 quedan unicamente 21.132, un 15 % menos. E se temos en conta os permisos de marisqueo, no ano 2009 había 4.281 dos cales 3.887 eran mulleres. Ao rematar o ano 2017, o número de permisos eran 3.797 e mulleres unicamente quedaban 2.807.

O Goberno galego menciona na súas respostas a importancia dos Grupos de Acción Local do sector pesqueiro, “para poñer en marcha proxectos que permitan dinamizar as zonas costeiras”, cabe preguntarse polo impacto destes proxectos levados a cabo na cifra de persoas afiliadas ao REMSS, e cantos deses proxectos supuxeron incrementos de afiliacións no sector servizos.

Con estes datos que poñen de novo en evidencia a situación da pesca, e cunhas execucións que non alcanzan nin a metade da cantidade dotada, cantidade que xa vén de sufrir reducións de exercicios anteriores, resulta difícil comprender como pretende o Goberno galego acadar os obxectivos do Plan Estratéxico Galego 2015-2020 (PEG) o cal remata coa frase: “Unir con criterio o presente e o futuro”. Temos que lamentar unha vez máis que a resposta non é outra que a de sempre: Un Goberno galego que marca uns obxectivos que non se ven apoiados polos orzamentos, e que ademais nos indicadores que se avalían non se inclúe o relevo xeracional.

Por todo isto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai o Goberno galego dos datos da Enquisa de Poboación Activa para o último trimestre de 2018, en canto a persoas ocupadas no mar?

2ª) Que valoración fai o Goberno galego sobre o estancamento na recuperación de afiliacións ao REMSS desde 2015, o cal impide recuperar os niveis de emprego de anos anteriores?

3ª) Que valoración fai o Goberno galego en canto á perda de máis de 1.000 permisos de marisqueo de mulleres desde o ano 2009 ata a actualidade?

4ª) Que valoración fai o Goberno galego en canto ao estancamento na recuperación de permisos de marisqueo nos últimos anos que impide recuperar os niveis de emprego dos anos anteriores?



5ª) Coñece o Goberno galego o impacto que tiveron os proxectos dos Grupos de Acción Local sobre as afiliacións ao REMSS?

6ª) Coñece o Goberno galego o impacto que tiveron os proxectos dos Grupos de Acción Local sobre as afiliacións no sector servizos?

7ª) Que medidas vai levar a cabo o Goberno galego para recuperar os niveis de emprego no mar?

Pazo do Parlamento, 31 de xaneiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**María Dolores Toja Suárez na data 31/01/2019 16:50:09**

**Patricia Otero Rodríguez na data 31/01/2019 16:50:21**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

Recentemente o Instituto Galego de Estatística vén de facer público o seu Estudo de salarios. Salarios desde a perspectiva do fogar. Neste apartado analízanse os fogares de Galiza con relación aos ingresos salariais que perciben a partir da información que anualmente proporciona a Enquisa estrutural a fogares. Esta é unha perspectiva fundamental para avaliar se a recuperación do cadro macroeconómico ten unha translación -e se esta é xusta- a todas as capas da sociedade galega ou, pola contra, afonda no modelo desigual que acelerou o período de recesión económica e as políticas aplicadas polo Partido Popular.

Este informa sinala como continúa a fenda interior-franxa atlántica e recolle como “As áreas das provincias da Coruña e Pontevedra son as que teñen unha maior incidencia de fogares nos que hai algunha persoa asalariada” porén “nas provincias de Lugo e Ourense é onde se sitúan as incidencias máis baixas e así, agás as áreas de Lugo central, A Mariña e Ourense, a porcentaxe de fogares con algunha persoa asalariada non acada o 50% dos fogares.” polo que se pode ver a fenda tamén entre rural e urbán ou semiurbán con exemplos como que “a área de Ourense sur na que só o 35,12% dos fogares teñen algunha persoa asalariada.”





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Da mesma forma, os datos reflicten as consecuencias do devalo demográfico, da falta de medidas estruturais para frear o despoboamento e impulsar a creación do emprego nas zonas menos industrializadas do país e corrixir a dependencia doutras fontes de ingresos diferentes aos salarios, como por exemplo que “a porcentaxe de fogares nos que os ingresos salariais son máis do 50% sitúase no 46,83% na Coruña e no 46,90% en Pontevedra, mentres que en Lugo e Ourense estes fogares non acadan a ser o 40% do total de fogares provinciais.”

Son estes exemplos do fracaso das políticas do Partido Popular e da necesidade de darlle a volta. É preocupante esta situación tendo en conta que Galiza leva varios anos medrando en termos macroeconómicos como por exemplo canto ao PIB.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Como valora o Goberno galego a evolución dos ingresos salariais en Galiza e a fenda co interior de Lugo e Ourense?

-Considera o Goberno galego que ten acertado coa súa política económica para redistribuír a riqueza socialmente? E territorialmente? Ten servido para inverter a tendencia demográfica?

-Cales son as razóns da falta de aplicación de políticas ambiciosas para superar a fenda entre o interior de Lugo e Ourense e a franxa atlántica e cantábrica?

-Cales son as razóns de que o goberno do Partido Popular non leve a cambio un cambio de políticas económicas para evitar a perda de poboación?





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

-Como valora a Xunta de Galiza que nas provincias de Lugo e Ourense, agás as áreas de Lugo central, A Mariña e Ourense, a porcentaxe de fogares con algunha persoa asalariada non acade o 50% dos fogares? Considera que esta situación é sostíbel?

-Cales son as razóns de que o Goberno galego non aplique políticas compensatorias nesta materia para Lugo e Ourense?

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 31/01/2019 17:20:08**

**María Montserrat Prado Cores na data 31/01/2019 17:20:15**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Ana Pontón Mondelo na data 31/01/2019 17:20:16**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 31/01/2019 17:20:18**

**Noa Presas Bergantiños na data 31/01/2019 17:20:19**

**Xosé Luis Bará Torres na data 31/01/2019 17:20:21**



## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O ano 2007 caracterizouse pola entrada en vigor da lei que reformaba a Lei de responsabilidade penal dos menores 5/2000, do 12 de xaneiro.

Coas estas dúas normas, os centros de execución de medidas xudiciais de internamento (en réxime pechado ou semipechado) ofrecen un contexto educativo favorecedor da inserción social e familiar do menor maior de 14 anos, tendo entre os seus obxectivos o desenvolvemento da súa autonomía integral e a reinserción social, pero sempre coa fin de cumprir unha sentenza de condena. A execución destas medidas é competencia da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica. E, aínda que en 2015, os xulgados galegos incoaron máis de 2500 expedientes de reforma menos que en 2010, segundo a Memoria da Fiscalía Superior de Galicia do ano 2015, as condenas por todo tipo de delitos graves contra as persoas téñense incrementado case no dobre en menores.

O “Avelino Montero” é un dos centros galegos onde se executan estas medidas; trátase dunha construción de mediados dos anos 80. Hai escasamente unha semana, o Comité de Empresa de Pontevedra da Consellería de Traballo e Benestar comunicaba ás persoas responsables desta consellería o desleixo máis absoluto e por anos respecto dos menores usuarios deste centro. Así, o estado calamitoso do centro en xeral, as deficiencias nas instalacións e a falla de persoal inciden directamente no posible fracaso das medidas impostas e só o grande labor dos profesionais acada impedilo.

Como exemplos deste desleixo: hai un baño sen parte das lousas do chan dende hai uns 4 meses; as fiestras que se mudaran hai pouco xa presentan problemas; o tufo a cano é tremendo en todo o centro; a condensación está xeneralizada; non hai auxiliares, médico, asistente social nin enfermeiro (só un psicólogo e unha mestra) e hai previsión pola Consellería de Política Social de reducir de 4 a 3 os vixiantes de seguridade (cando 4 é o número ideal para poder facer fronte ao



control de acceso, aos 2 módulos e ás visitas ou outras xestións), segundo prego da propia consellería de 14 de decembro de 2017.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten coñecemento o Goberno galego da situación do Centro de Reforma de Menores “Avelino Montero” de Pontevedra?
2. Coñece o Goberno cal é a situación das persoas menores que viven no centro?
3. Tivo coñecemento o Goberno dos casos de sarna que houbo no centro? Sabe si se activou o protocolo correspondente ante a sospeita da existencia de casos de sarna?
4. Cal é a opinión do Goberno respecto de que neste centro non haxa DUES, médico, enfermeiro nin asistente social?
5. Coñece o Goberno a situación das instalacións do centro?
6. Vai elaborar un plan de arranxo do centro “Avelino Montero” e executar as medidas do dito plan de cara ao seu saneamento integral neste ano?

Pazo do Parlamento, 31 de xaneiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 31/01/2019 17:32:04**

**María Luisa Pierres López na data 31/01/2019 17:32:11**

**Noela Blanco Rodríguez na data 31/01/2019 17:32:16**

**Julio Torrado Quintela na data 31/01/2019 17:32:21**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa as medidas a tomar en materia de dependencia.

Coa entrada en vigor da Lei de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, recoñecíase o dereito a que as persoas maiores o con discapacidade que non puideran valerse por si mesmas, serían atendidas polas administracións públicas, garantíndolle o acceso aos servizos sociais públicos e ás prestacións económicas axeitadas ás súas necesidades.

A atención as persoas en situación de dependencia debería ser un tema de máxima prioridade para o Goberno galego. Atender ás persoas que solicitan que se lle recoñeza o dereito e a prestación que se derive do recoñecemento. Ten que ser unha prioridade rematar co “limbo da dependencia”, a eliminación das listas de espera. É preciso que toda persoa que solicita unha avaliación ou teña recoñecida unha prestación a reciba de xeito real e non teórico, sen demoras de meses ou incluso anos.





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Galiza ten unha poboación moi envellecida, unha de cada catro persoas ten máis de 65 anos, segundo o IGE o número de dependentes medrou un 25% en 6 anos, superando xa ás 118.000 persoas. Pese a este dato, a porcentaxe de solicitudes da axudas vinculadas á Lei de Dependencia está por debaixo da media. É dicir, temos unha porcentaxe moi baixa de persoas beneficiarias, un 2,07 fronte o 2,61 do Estado.

Miles de persoas dependentes non teñen ningún tipo de axuda da Xunta. 10.000 dependentes con dereito a prestación non a están a cobrar, o 50% das persoas dependentes que precisan axuda a domicilio non a reciben e 12.000 persoas seguen a espera para obter unha praza nun centro de día, 30.000 persoas dependentes que precisan axuda á domicilio, 14.000 transporte adaptado

O Partido Popular estalle a ofrecer aos galegos e galegas unha lei da dependencia de segunda cun investimento por persoa dependente de 5.779 euros en Galiza cando no Estado a media é de 6.664, é dicir, 885 euros menos”. As prestacións ofrecidas @s usuari@s galeg@s centráronse en servizos de baixo custo tales como axuda a domicilio ou teleasistencia mentres que en servizos de maior custo como a atención residencial, nin sequera logrou manter a taxa de reposición do ano anterior.

O Estado español destinou á dependencia en Galiza 84 millóns de euros, cifra moi alonxada dos 186 millóns que lle debe a Galiza e moi lonxe tamén da cifra de 140 millóns de euros que recada vía impostos, - SS, IRPF, IVE-, do sistema de dependencia no noso país, segundo recollen os datos da Asociación de directoras e xerentes de servizos sociais.







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

É preciso que o Goberno galego converta a atención á dependencia nunha prioridade política, por esta razón fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Vai o Goberno galego esixirlle ao Goberno español o pago dos máis de 186 millóns de euros correspondentes aos recortes acumulados con Galiza, derivado da aplicación do RD-L 20/2012 de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade presupostaria e de fomento da competitividade?
- Vai o Goberno galego esixirlle ao Goberno español o financiamento acordado do 50% dos gastos de atención á dependencia?
- Coida que o Goberno galego lle está a ofertar @s galeg@ unha atención á dependencia de calidade, e acorde ás súas necesidades?
- Cales son os tempos de agarda dende que entra por rexistro unha solicitude ata que efectivamente desfruta do recurso a persoa demandante?

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**  
**Noa Presas Bergantiños**  
**Olalla Rodil Fernández**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 31/01/2019 17:33:09**

**Ana Pontón Mondelo na data 31/01/2019 17:33:14**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 31/01/2019 17:33:16**

**Olalla Rodil Fernández na data 31/01/2019 17:33:17**

**Noa Presas Bergantiños na data 31/01/2019 17:33:20**

**Xosé Luis Bará Torres na data 31/01/2019 17:33:21**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa á continua baixada na valoración da sanidade pública galega.

Durante os últimos nove anos, o Partido Popular con Núñez Feixóo como Presidente da Xunta á cabeza, impulsou todo tipo de medidas que afondaron no desmantelamento da sanidade pública: Redución de orzamentos, eliminación de máis de 2.000 profesionais, redución de máis de 700 camas nos hospitais públicos, privatización masiva de servizos...

Os colectivos máis vulnerábeis están a sufrir máis cruelmente as consecuencias dos copagamentos e da exclusión de fármacos do catálogo de prestacións farmacéuticas. Os recortes teñen unha gravísima repercusión na prestación dos servizos sanitarios, no deterioro asistencial: fechamento de camas, colapsos de urxencias, sobrecarga laboral dos traballadores, aumento das listas de espera.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

As enquisas recollen que a valoración da sanidade cae, indicador do problema que está xerando o modelo sanitario de Feixóo e do PP, consistente en privatizacións, recortes e precarización da sanidade

Desde a posta en marcha das políticas de recortes e privatizacións dos gobernos do Partido Popular desde o ano 2009, a sanidade pública entrou nun grave deterioro, como mostra deste deterioro o informe deste ano realizado pola Federación de Asociacións para a Defensa da Sanidade Pública, constata un descenso de tres postos no ranking de servizos sanitarios autonómicos, pasando da categoría de servizo regular (posto 9º) á de servizo deficiente (posto 12º). Segundo o barómetro sanitario o 3,9% d@s galeg@s non recollen medicamentos nas farmacias por non poder pagalos

A isto hai que engadir que o último informe da prestixiosa revista sanitaria The Lancet, publicado en maio de 2018, que valora a calidade e acceso aos sistemas de saúde, na que retrocedemos 11 postos na clasificación internacional de 195 países de todo o mundo, do 8º ao 19ª.

Por estas razóns fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 5ª:

Que actuacións vai realizar o Goberno galego diante da continua baixada na valoración da sanidade pública galega?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Considera o Goberno galego que a súa política sanitaria de recortes, privatizacións e desmantelamento non ten consecuencias?

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2019

**Asdo.: Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 31/01/2019 17:34:27**

**Ana Pontón Mondelo na data 31/01/2019 17:34:32**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 31/01/2019 17:34:34**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

